



CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DO
CONCELLO DE A ESTRADA**

EXERCICIOS 2000-2001

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
1. INTRODUCCIÓN	1
1.1. Obxectivos e alcance	1
1.2. Limitacións.....	1
1.3. Normativa reguladora.....	2
1.4. Orzamento, liquidación e conta xeral (exercicio 2001).....	4
2. ASPECTOS XERAIS.....	5
2.1. Indicadores	5
2.2. Análise orzamentario e contable.....	6
2.3. Convenio colectivo do persoal ó servizo do Concello da Estrada	9
3. CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO	10
3.1. Cadro de persoal e relación de postos de traballo	10
3.2. Oferta de emprego público.....	11
4. PERSOAL Ó SERVIZO DA ENTIDADE LOCAL	13
4.1. Persoal eventual.....	13
4.2. Persoal funcionario.....	15
4.3. Persoal laboral	18
4.4. Incidencias detectadas na recadación municipal.....	24
4.5. Anticipos, gratificacións e indemnización por razón de servizo	25
4.6. Contratos de asistencia técnica	29
4.7. Incidencias tributarias e de seguridade social	32
5. CARGOS ELECTOS	34
5.1. Retribucións.....	34
5.2. Indemnizacións dos membros corporativos.....	34
5.3. Atencións protocolarias e representativas	35
6. PROCEDEMENTOS SELECTIVOS.....	36
6.1. Incidencias da convocatoria das dúas prazas de administrativo (Administración Xeral) incluídas na OEP 2000 e 2001	36
6.2. Administrativo de Administración Xeral (Libre).....	38
6.3. Procedemento para a contratación laboral fixa (media xornada) de 5 profesores para o Conservatorio Municipal de Música	39
7. CONCLUSIÓNS	44
8. RECOMENDACIÓNS	47
ANEXO	49
ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO.....	53
RÉPLICAS ÁS ALEGACIÓNS.....	69

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Obxectivos e alcance

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2002, acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2003, a fiscalización da área de gastos de persoal correspondente ós exercicios 2000 e 2001 do Concello da Estrada (Pontevedra).

Os obxectivos de fiscalización consistiron en:

- Verificar que os gastos de persoal corresponden a persoal ó servizo da Entidade e que foron correctamente contabilizados.
- Analizar a correcta tramitación da oferta de emprego público e o cumprimento dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade nos procesos selectivos realizados polo Concello.
- Comprobar que as retribucións, indemnizacións por razón de servizo e demais gastos en materia de persoal axustáronse á normativa de aplicación.

O período temporal estendeuse a aqueles exercicios (anteriores e posteriores) que se consideraron necesarios para a consecución dos obxectivos previstos.

1.2. Limitacións

As probas realizadas víronse condicionadas polas seguintes limitacións:

- Producíronse atrasos significativos no achegamento da información requirida, sendo a antigüidade da mesma e a organización do arquivo municipal as causas sinaladas polo Concello para xustificar esta limitación. Estes feitos motivaron a práctica dun requirimento formal por parte do Consello de Contas de Galicia.

- A estrutura organizativa carece dun departamento de persoal que centralice a xestión, tramitación e arquivo dos expedientes. Desta forma, prodúcese descoordinación entre as unidades xestoras en materia de persoal, non podendo afirmarse que a documentación achegada polos responsables municipais, tanto en relación a expedientes solicitados como a acordos aprobados, integre a totalidade da existente nos mesmos.
- A análise dos límites retributivos contemplados no artigo 7 do RD 861/1986 efectúase tendo en conta o desglose dos créditos destinados a retribucións complementarias (complemento de destino e específico) incluído no anexo de persoal que non garda a debida correlación coas consignacións do concepto 121 do Orzamento.
- A resposta á circularización efectuada á Axencia Tributaria non se recibiu directamente, senón que se obtivo da entidade fiscalizada, o que non se axusta ó procedemento de circularización empregado por este órgano de control, non quedando garantida a recepción da totalidade da información remitida polo ente circularizado.

1.3. Normativa reguladora

A normativa reguladora das materias obxecto de fiscalización, inclúese fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).
- Lei 9/1987, de 12 de xuño, de Órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LOR).
- Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas (LIPF).

- Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (LIPF).
- Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (LOFCS).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (LRX e PAC).
- Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia (LFPG).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local (DRFL).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional (RXFHN).
- Real Decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional (PTFMN).

- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ás que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (DSFL).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ó servicio da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración do Estado (RIP).
- Real Decreto-Lei, de 16 de decembro de 1929, anticipo sobre haber líquido de unha ou dúas mensualidades.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 17 de xullo de 1990.

1.4. Orzamento, liquidación e conta xeral (exercicio 2001)

O orzamento inicial do Concello da Estrada ascendeu a 1.148.166.069 pesetas no 2001. O remanente de tesourería para gastos xerais aprobado polo Concello ascende a 52.474.697 pesetas. O resultado orzamentario axustado apróbase cun superávit de 39.367.430 pesetas. Os estados de gastos e ingresos da liquidación do orzamento inclúense como Anexo I.

O orzamento de 2001 foi aprobado definitivamente fóra do prazo establecido no artigo 150.2 da LRFL. Non se respectaron os prazos de aprobación da liquidación do orzamento e conta xeral. A liquidación do orzamento remitiuse á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma o día 7 de maio de 2003, fóra do prazo establecido nos artigos 174.5 da LRFL, 91 do RD 500/1990 e regra 445 da ICAL. Incumpríronse así mesmo as esixencias de rendición da Conta Xeral no prazo establecido no artigo 204 LRFL.

2. ASPECTOS XERAIS

2.1. Indicadores

Coa finalidade de proporcionar unha información resumida da situación do persoal do Concello, preséntanse os seguintes ratios e indicadores correspondentes ó exercicio 2001.

- a) **Gasto de persoal:** 432.802.329 pesetas, equivalente a 19.482 pesetas/habitante. No exercicio 2000 o gasto de persoal situouse en 20.832 pesetas, 47 puntos por debaixo da media española de municipios deste tramo poboacional (20.000 a 50.000 habitantes), e 11 puntos por debaixo da media galega.
- b) **Índice de persoal funcionario e laboral fixo por mil habitantes:** 4,37
- c) **Cualificación profesional:** A porcentaxe de postos reservados a titulados universitarios en relación ó total de prazas reservadas ó persoal funcionario e laboral fixo é do 13,4 %
- d) **Grao de equipamento tecnolóxico:** resúmese no seguinte cadro.

Ano 2001 (*)	Ordenadores
71 Funcionarios	37
26 Laborais	10
1 Eventual	1
2 Cargos electos	1
100	50

(*) *Facilitouse un inventario do equipamento informático relativo ó exercicio 2002, sen que conste a existencia dun inventario anterior. A distribución do persoal obtívose do cadro de persoal correspondente ó exercicio 2001.*

De acordo co inventario vixente no exercicio 2002, unicamente se dispón de 5 equipos informáticos, en réxime de alugamento, para a conexión a Internet.

- e) **Taxa de absentismo laboral:** non se obtivo información do detalle que permitise determinar o número de xornadas laborais non realizadas polo persoal e en particular, as relacionadas cos permisos-licencias

contemplados nos artigos 68 e 70 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da función pública de Galicia.

- f) **Número de folgas no ano 2001:** non se facilitou información ó respecto.
- g) **Control horario:** non existe sistema ningún de control horario.
- h) **Organización administrativa:** Durante o exercicio 2001 os postos de traballo de secretaría e intervención foron ocupados por funcionarios con habilitación nacional, desempeñando este último posto en réxime de acumulación.

A xestión dos expedientes de persoal non está centralizada nun único departamento, verificándose a inexistencia da debida interconexión entre as distintas unidades responsables da tramitación e arquivo da documentación relativa ó persoal da Corporación. Por este motivo, deberíase efectuar unha atribución concreta de funcións nesta materia, definindo de forma precisa a composición e funcións da(s) unidade(s) interesadas e procurando, así mesmo, a idoneidade do sistema de arquivo da información.

2.2. Análise orzamentario e contable

O orzamento inicial de gasto nos exercicios 2000 e 2001 exprésase no cadro seguinte. Nesta información ponse de manifesto que os créditos consignados no capítulo I “Gastos de Persoal” representan, sobre o importe total do Orzamento, unha porcentaxe do 35,4 % no exercicio 2000 e 35,3 % no 2001. O incremento do Capítulo I do Orzamento do exercicio 2001 con respecto ó 2000 é do 9,3 %.

Cap.	Descrición	Créditos iniciais 2000	Índice %	Créditos iniciais 2001	Índice %
1	Gastos de persoal	371.764.000	35,4	406.346.000	35,3
2	G. en bens ctes. e servicios	339.052.000	32,2	367.947.000	32
3	Gastos financeiros	29.100.000	2,7	36.410.000	3,1
4	Transferencias correntes	63.155.000	6	64.005.000	5,5
6	Investimentos reais	143.811.000	13,7	163.496.069	14,2
7	Transferencias de capital	13.414.000	1,2	19.459.000	1,6
8	Activos financeiros	2.502.000	0,2	2.502.000	0,2
9	Pasivos financeiros	87.202.000	8,3	88.001.000	7,6
TOTAL		1.050.000.000	100	1.148.166.069	100

A estrutura do capítulo un do Orzamento de Gastos, a nivel de artigo, do exercicio 2001 é a seguinte:

Artigo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Pagos ordenados	Pagos líquidos	Ordes pendentes
10. Altos Cargos	8.675.000	170.000	8.845.000	8.722.424	8.722.424	8.722.424	0
11. Persoal Gabinetes	2.415.000	290.000	2.705.000	2.696.043	2.696.043	2.696.043	0
12. Persoal funcionario	202.065.000	- 17.609.600	184.455.400	183.302.682	183.302.682	183.302.682	0
13. Persoal laboral	68.690.000	28.577.528	97.267.528	93.943.570	93.857.377	93.787.828	69.549
14. Outro persoal	24.000.000	2.000.000	26.000.000	25.867.826	25.867.826	25.867.826	0
15. Incentivo rendemto.	16.700.000	6.318.475	23.018.475	21.415.632	20.957.081	20.957.081	0
16. Cotas sociais	83.801.000	13.563.601	97.364.601	96.854.152	96.854.152	96.854.152	0
TOTAIS	406.346.000	33.310.004	439.656.004	432.802.329	432.257.585	432.188.036	69.549

- Os gastos do capítulo I representan o 24,7 % e 28,7 % dos créditos definitivos e das obrigas recoñecidas, respectivamente. O grao de execución do capítulo I (OR/CD) foi do 98 %.
- Da conciliación entre a contabilidade financeira e orzamentaria non se puxo de manifesto incidencia ningunha.
- Entre a documentación que acompaña ó orzamento aprobado para o exercicio 2001 inclúese o anexo de persoal no que se relacionan e valoran os postos de traballo existentes na Entidade Local tal como esixe o artigo 149.1 c) LRFL.

Verificouse que non existe a adecuada correlación entre a relación valorada incluída no dito anexo e os créditos para persoal consignados no capítulo I do Orzamento, incumpríndose o disposto no artigo 18.1 c) do RD 500/1990, de 20 de abril. Detectáronse diferencias por importe de 43.290.898 pesetas co seguinte detalle:

Descrición	Anexo persoal	Orzamento aprobado	Diferencias
FUNCIONARIOS (12)	200.417.432	202.065.000	1.647.568
PERSONAL LABORAL (13)	51.343.232	68.690.000	17.346.768
OUTRO PERSONAL (14)	0	24.000.000	24.000.000
PERSONAL EVENTUAL (11)	2.118.438	2.415.000	296.562
TOTAL	253.879.102	297.170.000	43.290.898

- Con obxecto de verificar o cumprimento dos límites establecidos no artigo 7 do RD 861/1986, realizase, tomando como base os créditos iniciais incluídos no Orzamento, o seguinte cálculo:

Descrición	Importe	Porcentaxe	Límite artigo 7 do RD 861/1986
Masa retributiva global (excluído persoal laboral)	218.765.000		
Retribucións básicas (-)	105.875.000		
Complemento de destino (-)	50.892.396		
Axudas familiares (-)	0		
Total	61.997.604		
Complemento específico	43.735.221	70,5 %	75%
Productividade	5.700.000	9,1 %	30%
Gratificacións	11.000.000	17,7 %	10%

* O desglose dos créditos destinados a complemento de destino e específico obtívose do detalle contido no anexo de persoal.

A cantidade asignada a gratificacións nos créditos iniciais orzamentarios excede o límite máximo establecido no artigo 7.2 c) do RD 861/1986.

Ademais do exceso detectado na presupostación inicial, verificouse que durante o exercicio 2001 incrementáronse os créditos destinados a gratificacións por importe de 6.192.475 pesetas. As obrigas recoñecidas imputadas ó concepto 151 a 31 de decembro de 2001 ascenderon a 15.514.846 pesetas.

Entre as modificacións orzamentarias tramitadas durante o exercicio 2001 que incrementaron os créditos destinados ó concepto 151, destaca un crédito extraordinario para financiar o recoñecemento extraxudicial de créditos imputado á partida 121.151.90 por importe de 817.475 pesetas co fin de pagar gratificacións do persoal funcionario por servicios extraordinarios realizados durante o mes de decembro de 2000.

Estes feitos, así como os incumprimentos detectados en materia de gratificacións que se analizan no epígrafe 4.4, poñen de manifesto a necesidade de axustar a consignación orzamentaria e o pago das gratificacións á normativa vixente.

2.3. Convenio colectivo do persoal ó servizo do Concello da Estrada

O ámbito de aplicación do convenio inclúe conxuntamente ó persoal funcionario e laboral. Prescínlese de analizar a adecuación á legalidade do contido das cláusulas do convenio aprobado polo Pleno municipal, por canto excede o alcance do traballo. O tratamento unitario para ambos tipos de persoal é contrario ó que sinala o Tribunal Supremo en sentenza de 22 de outubro de 1993 e podería determinar a nulidade de pleno dereito do dito convenio

3. CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

O persoal que integra o cadro de persoal da Corporación durante o exercicio 2001 reflíctese no cadro seguinte:

Descrición	Exercicio 2001		Persoal que figura en nómina en decembro
	Cadro de persoal aprobado a principios de ano Nº postos	Vacantes	
Persoal eventual de confianza	1		1
Persoal funcionario	71	9	66
Persoal laboral fixo	21	5	21
Persoal laboral fixo discontinuo	5		
TOTAL	98	14	88

Ademais existen 2 cargos electos que desempeñan o seu cargo con dedicación exclusiva e 19 sen dedicación. A 31 de decembro de 2001 figuran en nómina 66 persoas que ocupan postos de persoal laboral temporal polo que o total de efectivos na dita data ascende a 175.

3.1. Cadro de persoal e relación de postos de traballo

Nos exercicios 2000 e 2001 o cadro de persoal aprobouse de acordo co disposto nos artigos 90.1 LRBRL e 126 TRRL.

O Concello da Estrada non aprobou a relación de postos de traballo incumprindo o disposto no artigo 90. 2 LRBRL.

Incorpórase como anexo o convenio colectivo aprobado en sesión plenaria de 19 de maio de 1995, un catálogo de postos de traballo que se modificou en virtude do acordo plenario de 12 de marzo de 1999, sen que conste a tramitación de modificacións posteriores que adaptasen dito catálogo a realidade do cadro de persoal actual.

Analizado o catálogo e a modificación posterior, destacan as seguintes incidencias:

- A coexistencia de persoal ó servizo da Corporación que, ocupando postos de traballo similares (p.exemplo.: auxiliar administrativo ou

técnicos de intervención) están sometidos a distinto réxime xurídico, funcionario e laboral, constatándose a inexistencia dun criterio en canto á atribución de postos a un ou outro tipo de persoal.

- A vulneración do artigo 92.2 LRBRL, ó reservarse a persoal laboral determinados postos, como o denominado “Técnico de xestión orzamentaria, contabilidade e contas”, ó que se lle encomendan funcións reservadas a funcionarios, tales como: seguimento e evolución da xestión económico-financeira, control interno e externo e outras funcións propias da Intervención.
- O incumprimento da excepcionalidade prevista no artigo 235 LALG en canto á reserva de postos de traballo a persoal laboral.

3.2. Oferta de emprego público

A oferta de emprego público do exercicio 2000 aprobouse en Comisión de Goberno o 27 de marzo de 2000, publicándose no BOE de 9 de maio de 2000. No 2001 a oferta aprobouse pola Comisión de Goberno o 19 de marzo de 2001 e publicouse no BOE de 25 de abril de 2001. En ambos exercicios incúmprese o prazo establecido no artigo 128 TRRL.

Detectouse que, se ben con carácter xeral se inclúen na oferta de emprego público as prazas que figuran vacantes no cadro de persoal, existen tres prazas (arquitecto, cabo de policía local e axudante da praza de abastos) que estando vacantes en ambos exercicios non se ofertan en ningún dos dous.

Polo que respecta a praza de arquitecto (que continúa vacante no cadro do exercicio 2002), verificouse a súa inclusión na OEP do ano 1998, sen que exista constancia da convocatoria do proceso selectivo para a súa cobertura. Este feito incumpre o artigo 5 RD 896/1991¹. Tamén se constatou que non foi incluída na OEP dos exercicios posteriores. Pero adxudícase no ano 2000, mediante procedemento negociado sen publicidade, un contrato de asistencia e asesoramento urbanístico para *cubrir as necesidades de informes de asistencia de carácter superior mentres a praza de arquitecto non sexa cuberta en propiedade*. Este feito vulnera o disposto no artigo 18.4 LMRFP de conformidade co cal serán obxecto de oferta de emprego público as

¹ **Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións formuladas polo Concello.**

necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas cos efectivos de persoal existentes.

4. PERSOAL Ó SERVICIO DA ENTIDADE LOCAL

Efectuouse unha mostraxe dos expedientes do persoal ó servicio do Concello, analizándose a forma de acceso ó posto de traballo, as retribucións que por tódolos conceptos se percibiron no exercicio 2001 así como a correcta detracción das cantidades correspondentes á Seguridade Social e IRPF.

Atendendo á clasificación funcional de gastos, a distribución do persoal a 31 de decembro de 2001 é a seguinte:

Categoría	GRUPO DE FUNCIÓN					
	Servicios de carácter xeral	Protección civil e seguridade cidadá	Seguridade, protección e promoción social	Producción de bens públicos de carácter social	Producción de bens de carácter económico	Regulación económica de carácter xeral
Persoal eventual	1					
Persoal funcionario	11	17	1	25	3	9
Persoal laboral fixo	1	0	3	16	0	1
Persoal laboral temporal	2	0	26	36	0	2
TOTAL	15	17	30	77	3	12

4.1. Persoal eventual

A determinación do número, características e retribucións do persoal eventual, de acordo co artigo 104 LRBRL, corresponde ó Pleno da Corporación o comezo do seu mandato.

No cadro de persoal dos dous exercicios fiscalizados figura un único posto reservado a persoal eventual denominado “Secretaría Alcaldía” ocupando este posto, durante o mandato correspondente ós dous exercicios, a mesma persoa que foi nomeada en virtude do Decreto da alcaldía de 5 de xullo de 1999.

Co fin de comprobar a adecuación á legalidade do réxime do persoal eventual no Concello da Estrada, examinouse a documentación orzamentaria e contable relativa ó mesmo, así como o seu expediente persoal.

As incidencias máis relevantes afectan ó réxime retributivo concretándose nas seguintes:

- Non existe correlación entre o crédito consignado na partida 111.11000 do Orzamento e as retribucións que figuran no anexo de persoal, sendo superior a cantidade establecida na partida orzamentaria por importe

de 296.562 pesetas, incumpríndose o disposto no artigo 18.1 c) RD 500/1990.

- Analizada a liquidación do estado de gastos do exercicio 2001 obsérvase unha diferenza por importe de 157.576 pesetas entre as obrigas recoñecidas imputadas á partida 111.11000 o importe da cal ascende a 2.696.403 pesetas e as retribucións efectivamente percibidas de acordo co modelo 190 que ascenden a 2.853.979 pesetas. Verificouse a incorrecta imputación da nómina correspondente ó mes de abril por importe de 151.317 pesetas á partida 111.10000 na que se comprenden as remuneracións dos cargos electos, o que podería xustificar en parte a diferenza anteriormente mencionada, subsistindo non obstante unha mínima diferenza por importe de 6.259 pesetas.
- Tanto no exercicio 2000 como no 2001, verificouse a percepción de retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade.

Se ben a asignación da produtividade a este persoal efectuouse en ambos exercicios mediante acordo plenario, as gratificacións por servizos extraordinarios sométense á aprobación da Comisión de Goberno, sen que conste un pronunciamento do Pleno en canto ó importe e ó número de horas extraordinarias que poida realizar este persoal. Este feito podería contravir a normativa vixente que é tallante en canto á atribución ó Pleno do réxime retributivo deste persoal (artigos 104 LRBRL, 20.2 LMRFP, 176 TRRL, 250 LALG)

- En virtude do Decreto 1670/01 de 31 de decembro de 2001, invocando a existencia dun erro na cantidade asignada ó posto de Secretaria de Alcaldía e aludindo a acordos plenarios adoptados no seu día, equipáranse as retribucións ás de un auxiliar administrativo, incluíndo as básicas e complementarias. Pese a ter solicitado reiteradamente os acordos plenarios de equiparación, éstos non foron facilitados.

En calquera caso, a fixación das retribucións deste persoal corresponden ó Pleno da Corporación sendo o dito órgano o que con motivo da aprobación do Orzamento anual, poderá acordar a equiparación mencionada, carecendo de cobertura legal a efectuada polo Alcalde se non se somete á posterior aprobación plenaria.

- Non consta no expediente a publicación no B.O.P. do nomeamento, retribucións e dedicación deste persoal, incumpríndose as esixencias do artigo 104 LRBRL.

4.2. Persoal funcionario

Co fin de verificar o respecto dos principios constitucionais no acceso á función pública local examináronse os expedientes persoais relativos a unha mostra de 8 funcionarios que figuran en nómina a 31 de decembro de 2000 e 2001. As principais incidencias deducidas da súa análise son as seguintes:

- En 5 dos 8 expedientes analizados non consta o tipo de proceso selectivo realizado para o acceso á función pública, mentres que en 2 dos restantes o sistema elixido foi o de oposición restrinxida.
- En 6 dos 8 expedientes analizados existía unha relación laboral do traballador co Concello previa ó acceso a función pública (contrato administrativo, interino ou laboral).
- Segundo consta na documentación obrante no expediente do *Técnico de Administración Especial (Urbanismo)*, entra ó servizo da Corporación no ano 1978, mediante un contrato en réxime administrativo, para realizar funcións técnicas de arquitecto técnico municipal. O dito contrato, con duración inicial de tres meses, prorrógase en virtude de acordo plenario por 9 meses. Tras superar unha oposición restrinxida, en virtude de acordo plenario de 10 de novembro de 1979, pasa a ocupar como funcionario de carreira a praza de arquitecto técnico municipal.

O Pleno do Concello da Estrada, en sesión celebrada en data 24 de marzo de 1987, acorda conceder ó arquitecto técnico a compatibilidade para a realización de traballos profesionais fóra do termo municipal. Tras prestar os seus servizos durante 2 anos (xaneiro de 1992 a xaneiro de 1994) na S.A. de Xestión do Plan Xacobeo 1993, obtén o reingreso á actividade pública municipal, solicitando autorización para seguir exercendo a dirección das obras iniciadas no termo municipal, tanto as referidas a construcións públicas como privadas. O Pleno municipal, en sesión celebrada o 7 de febreiro de 1994, accedeu á petición do

técnico, declarándoo unicamente incompatible para a emisión de informes relativos ás obras que se lle autorizou dirixir.

Con posterioridade en sesión plenaria celebrada o día 8 de xaneiro de 1999, apróbase por unanimidade a ampliación da compatibilidade solicitada para o exercicio da actividade dentro do termo municipal, e sempre que se contrate con Administracións Públicas ou semipúblicas.

Estes feitos supoñen a conculcación do réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/84. A autorización outorgada polo Pleno municipal contravén a mencionada norma, pois o exercicio dentro do termo municipal de actividades que se relacionan de forma directa coas que desenvolve o departamento no que está destinado o funcionario, afecta ó disposto no artigo 11 LIFP, comprometéndose a imparcialidade e independencia no exercicio das súas funcións, en contra do preceptuado polo artigo 1.3 da mesma norma.

Transgrédese así mesmo o artigo 16 LIFP, sen que opere a excepción do punto 4 do mesmo artigo, ó terse autorizado compatibilidade para posto que comportaba a percepción de complemento específico.

Por outra banda, o artigo 20.e) LCAP impide a contratación coa Administración das persoas incursas en supostos de incompatibilidade, o que puidera dar lugar á nulidade de pleno dereito de tales actuacións.

Cómpre reseñar que as incidencias descritas deben entenderse sen prexuízo da actuación en materia disciplinaria que procedera instruír ó funcionario técnico incurso en situación de incompatibilidade, así como da esixencia das responsabilidades ás que, no seu caso , e por todo o proceso se puideran xerar.

Retribucións

A análise das retribucións correspondentes ó persoal funcionario efectuouse sobre unha mostra integrada polas nóminas de 17 funcionarios correspondentes ó mes de decembro de 2000 e 2001. Como resultado do traballo efectuado pódense facer as seguintes consideracións:

- Con carácter xeral os conceptos retributivos axústanse o disposto no artigo 23 LMRFP, verificándose a adecuación das cantidades percibidas en concepto de soldo e complemento de destino á LPXE, atendendo ó grupo de clasificación e nivel asignado a cada funcionario de conformidade cos datos que figuran na nómina.
- Verificouse que o importe do complemento específico se axusta á cantidade prevista para cada posto de traballo no anexo de persoal. Non obstante, na nómina de decembro de 2000 correspondente a dous funcionarios (delineante e coordinador cultural), detectouse unha diferenza por importe de 40.000 pesetas con respecto ó fixado no dito anexo. Esta diferenza responde a un incremento do complemento específico asignado a ambos postos de traballo efectuado mediante acordo plenario de 12 de maio de 2000. Non consta a previa valoración do posto de traballo como esixe o artigo 4.2 RD 861/1986. Así mesmo, detectouse que o complemento específico percibido polo arquitecto técnico, que por acordo plenario ten autorizada a compatibilidade para o exercicio da súa actividade privada, excede a porcentaxe permitida polo artigo 16.4 da Lei 53/1984, de 26 de decembro.
- A cantidade consignada para complemento de produtividade do persoal funcionario repártese en virtude do Decreto de Alcaldía nº 1496/2001, de 3 de decembro. Segundo información facilitada polo ente fiscalizado, ante a ausencia de criterios de reparto adoptados polo Pleno, a distribución da bolsa de produtividade efectúase a final de ano por partes iguais entre tódolos funcionarios, descontando os días non traballados ben por baixas de enfermidade ou ausencias laborais. Analizado o libro maior de conceptos relativos á dita partida, detéctanse asentos relativos ó pago de produtividade nos meses de xaneiro, febreiro e marzo que contradín a información facilitada polo Concello. Non consta o cumprimento do disposto no artigo 5.4 RD 861/1986, referido ó público coñecemento das retribucións.
- Verificouse que o importe das retencións do IRPF axústase ó tipo de retención que para cada funcionario figura na respectiva nómina.
- Detectouse a percepción de indemnizacións por asistencia a órganos colexiados por parte de diverso persoal da Corporación (Secretario,

Interventor e os funcionarios que na súa ausencia os substitúen), desenvolvéndose a súa análise crítica no epígrafe 4.4.

4.3. Persoal laboral

Selecciónase unha mostra de persoal laboral fixo e temporal que está en nómina a 31 de decembro de 2000 e de 2001.

Persoal laboral fixo

Selecciónase unha mostra integrada por catro expedientes analizándose o acceso á función pública e as retribucións percibidas polos mesmos. Trala análise da documentación obrante nos expedientes expóñense as incidencias máis relevantes:

- Detéctase un importante atraso na tramitación dos procedementos selectivos para cubrir os postos de traballo incluídos na oferta de emprego público (por exemplo: o de asistente social incluíuse na OEP publicada no BOE de 17 de setembro de 1986 e cóbrease definitivamente no 1989), establecéndose prórrogas contractuais que dan lugar a que o posto continúe ocupado pola mesma persoa que foi seleccionada sen respectarse principios esenciais para o acceso á función pública.
- Na maior parte dos expedientes acódeuse á contratación laboral temporal para ocupar postos que responden a unha necesidade ou servizo de carácter permanente, situación que esixiría a creación do posto no cadro de persoal e a súa provisión definitiva respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Esta práctica entraña riscos para a Corporación Local por canto é constante a xurisprudencia que mantén que as irregularidades nas contratacións temporais producidas polas Administracións Públicas poden determinar que a relación xurídica se converta en indefinida, o que pode provocar a esixencia de responsabilidades ás autoridades e funcionarios por danos e prexuízos producidos á Facenda Pública.

- En canto ó acceso detéctase a conculcación, nalgún caso, dos principios constitucionais consagrados no artigo 103 e 23 CE. Así mesmo, a selección a través de oferta xenérica ó INEM (traductor de

galego) non garante o respecto dos principios de mérito e capacidade. Por outra banda a exclusión da publicidade ou a realización da mesma mediante inserción de anuncio nun periódico (asistenta social) non garante a igualdade no acceso consagrado no artigo 23.2 CE

- A reserva da praza de técnico de intervención a persoal laboral vulnera o artigo 92.2 LRBRL. pois encoméndanselle funcións, que de conformidade co mencionado precepto resérvanse a persoal funcionario.

Retribucións

A análise das retribucións percibidas polo persoal laboral fixo efectúase sobre unha mostra do mes de decembro do 2000 e 2001 de oito traballadores que figuran en nómina.

Como resultado do traballo efectuado destácanse as seguintes incidencias:

- Obsérvase unha deficiente presentación das nóminas relativas ó persoal laboral fixo que dificultan a identificación dos conceptos retributivos percibidos.
- Verifícase o adecuado incremento retributivo establecido na LOXE polo que respecta ás cantidades percibidas en concepto de soldo e trienios.
- Detéctase que cinco traballadores percibían un concepto retributivo identificado na nómina como "Paga beneficios". Este concepto experimenta un incremento do 2% no ano 2001 con respecto ó 2000. Segundo información facilitada pola Intervención, trátase dun complemento previsto no contrato suscrito cos ditos traballadores.
- Verifícase a percepción polo persoal laboral dunha gratificación similar á produtividade dos funcionarios. A distribución da produtividade do persoal laboral efectúase en virtude de acordo plenario no mes de decembro atendendo ó mesmo criterio observado para os funcionarios.

Non consta a súa existencia no convenio colectivo do Concello, xustificándose na tradición de equiparar no posible as retribucións deste persoal cos funcionarios.

- Destaca a percepción de gratificacións pola realización dun número de horas extraordinarias que excede o límite previsto no artigo 35. 3 do Estatuto dos Traballadores e no 2.6 do Convenio Colectivo. Esta análise efectúase no epígrafe 4.4.

Persoal laboral temporal

Profesores de percusión e violín:

Da documentación obrante nos expedientes persoais postos a disposición do equipo fiscalizador, póñense de manifesto as seguintes incidencias:

- O inicio da vinculación laboral prodúcese, salvo omisión na documentación facilitada, a partires dun procedemento de selección temporal levado a cabo no exercicio 1999.

Revisouse o citado procedemento destacando os seguintes aspectos:

- Non se deu adecuado cumprimento ó principio de publicidade, por canto se prescindiu da utilización de boletíns oficiais. Insertáronse anuncios en dous diarios de difusión xeral, o 26 e 28 de setembro de 1999, fixando como prazo máximo de presentación de instancias o día 29 do dito mes, isto é, ó día seguinte do último anuncio da convocatoria. Infrinxiuse, pois, o artigo 18 do RD 364/1995, que establece un prazo de 20 días naturais. No expediente non existe declaración ou motivación algunha de urxencia.
- As bases dispoñían o nomeamento de membros suplentes, sen que se procedera á súa designación.
- As probas consistiron na interpretación dunha obra e unha entrevista, ponderando ambas o 50% da valoración final.
- Iniciada a relación contractual co Concello o 4 de outubro de 1999 por parte do profesor de violín, detectouse a sinatura, con data 28 de decembro de 1999, doutro contrato realizado polo mesmo concepto (profesor titular de violín para o curso 1999/2000) co Concello de

Pontareas. Este feito infrinxe o artigo 2 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servicio das Administracións Públicas, dado que non é posible obter, salvo nas casos que a dita lei exceptúa, mais dunha remuneración con cargo ós Orzamentos das Administracións Públicas. Non consta no expediente actuación ningunha da xefatura de persoal do ente fiscalizado. Xerase así unha infracción disciplinaria con posibles responsabilidades.

Profesores de harmonía, trompeta e violonchelo:

Solicitáronse os expedientes persoais desta clase de persoal, obténdose exclusivamente información relativa ó exercicio 2000. Unicamente se pode concluír que os tres se atopaban prestando servizos no dito exercicio, sen que se evidenciara a realización de procedemento selectivo ningún, e que os profesores correspondentes ás dúas primeiras disciplinas, pese á súa cualificación como temporais, mantiñan unha relación laboral permanente co Concello. Por medio do Decreto 1081/2000, formalizouse un novo contrato temporal *mentres se celebre o proceso selectivo*, prescindíndose da realización dese proceso selectivo.

No exercicio 2001 celébrase un procedemento selectivo para a cobertura laboral fixa dos postos anteriores, resultando seleccionados os candidatos que viñan desempeñando os referidos postos. Efectuase a análise do citado procedemento que se detalla no punto 6 do informe.

Auxiliares administrativos:

Do cruce efectuado entre o cadro de persoal aprobado e os traballadores que figuraban como perceptores de nómina nos meses de decembro dos exercicios 2000 e 2001 detectouse a existencia de dous auxiliares administrativos que, con data de alta de 19 de setembro de 2000 non constaban no libro de rexistro de persoal nin nos libros de matrícula facilitados. Non constaba así mesmo procedemento ningún de selección para a contratación destes auxiliares.

Verifícase que o importe das nóminas percibidas por aquelas a partires da alta e ata o final do exercicio 2000 era notoriamente inferior ó total das retribucións que reflicte o modelo 190 de retencións practicadas. Solicitada a información relativa os seus expedientes, detectouse unha pluralidade de vínculos contractuais, tal e como se mostra a continuación:

Auxiliar administrativa adscrita á Secretaría:

Períodos contractuais	Observacións
Períodos anteriores a 1/9/1999	Non se atopa información no expediente, non obstante existe evidencia de que viña desempeñando funcións na Secretaría con motivo das vacacións do persoal
De 1/9/99 a 31/12/99. Decreto 1074/1999. Cobertura de vacante por traslado de funcionario á CC.AA:	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Cobertura ilegal dunha vacante funcional por medio dun contrato laboral eventual por circunstancias da produción
De 1/1/00 a 31/3/00. Decreto 1800/1999. Prórroga do contrato anterior.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Cobertura ilegal dunha vacante funcional que non figura no cadro de persoal de 2000 por medio de prórroga de contrato laboral eventual por circunstancias da produción
De 1/4/00 a 30/6/00. Decreto 330/2000. Contrato por obra ou servizo determinado para cubrir vacante no departamento de Secretaría. Decreto 330/2000	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. A Alcaldía declara que xa viña prestando servizos no departamento de Secretaría. Cobertura ilegal dunha vacante funcional que non figura no cadro de persoal por medio dun contrato de obra ou servizo determinado.
De 30/6/00 ata cobertura definitiva da praza. A Alcaldía comunica á Intervención municipal que seguirá ocupando o posto desempeñado ata a realización das probas para a obtención da praza en propiedade	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Cobertura ilegal dunha vacante funcional que non figura no cadro de persoal por medio dun contrato de obra ou servizo determinado. Non consta a toma de posesión como funcionaria, pero as súas nóminas impútanse á partida destinada ós funcionarios

Auxiliar administrativa adscrita a Intervención:

De 15/7/99 a 15/08/99 e prórroga dun mes ata o 15/9/99. Contrato laboral temporal de auxiliar administrativo	Ausencia total e absoluta de procedemento.
De 16/9/99 a 31/12/1999. Decreto 1133/1999. Contrato laboral eventual por circunstancias da produción	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Cobertura ilegal dunha vacante funcional por medio dun contrato laboral eventual. O Interventor Municipal fai proposta de contratación a favor desta persoa dado que no período de prácticas “demostrou interese e boa preparación para o traballo que se lle encomendou, acumulando unha experiencia que garante o seu rendemento dende o primeiro momento”.
De 1/1/2000 a 31/3/00. Decreto 1800/1999. Prórroga do contrato anterior.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Cobertura ilegal dunha vacante funcional por medio de prórroga de contrato laboral eventual.
De 1/4/00 a 30/6/00. Decreto 330/2000. Contrato por obra ou servizo determinado para cubrir vacante no departamento de Intervención. Decreto 330/2000	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. A Alcaldía declara que xa viña prestando servizos no departamento de Intervención. Cobertura ilegal dunha vacante funcional por medio dun contrato de obra ou servizo determinado.
De 30/6/00 ata cobertura definitiva da praza. A Alcaldía comunica á Intervención municipal que seguirá ocupando o posto desempeñado ata a realización das probas para a obtención da praza en propiedade	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Cobertura ilegal dunha vacante funcional por medio dun contrato de obra ou servizo determinado. Non consta a toma de posesión como funcionaria, pero as súas nóminas impútanse á partida destinada os funcionarios
De 30/9/02 Cese como funcionaria interina por cobertura definitiva da praza.	Non consta no expediente a toma de posesión funcional da traballadora, subscribindose sen embargo acta de cese funcional.
De 1/10/2002 a 31/12/02. Contrato laboral por acumulación dos expedientes en Secretaría.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección.
De 1/1/03 a 31/3/03. Prórroga do contrato anterior.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección.
De 1/4/03 a 30/9/03. Contrato laboral para apoio nas tarefas de Secretaría.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección.

Así mesmo, verificouse que na persoa doutra auxiliar administrativa, contratada na modalidade de laboral temporal, concorrían unha pluralidade de contratos ó longo dos exercicios 2000 e 2001, segundo se detalla a continuación:

Períodos contractuais	Observacións
De 20/3/00 a 20/6/00. Decreto 256/2000; acumulación de tarefas no arquivo municipal	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección.
De 1/9/00 a 30/9/00. Decreto 1076/00; substitución por baixa do persoal de confianza do alcalde. Contrato de interinidade.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Non cabe celebrar un contrato de interinidade cando non existe dereito á reserva de posto de traballo.
De 1/8/00 a 30/8/00. Decreto 947/00; substitución por vacacións do persoal de confianza. Contrato de interinidade.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección. Non cabe interinidade cando non existe dereito á reserva de posto de traballo.
De 1/6/01 a 31/8/2001. Contrato por obra ou servizo determinado para a tramitación de expedientes das vivendas sociais.	Ausencia total e absoluta de procedemento de selección . A Comisión de Goberno adopta por unanimidade a contratación por urxencia. A Secretaría municipal fai constar a necesidade da concorrencia dos requisitos de publicidade, mérito e capacidade, o que non se estimou necesario dado que “esta persoa xa estivo contratada polo concello posuíndo, por tanto, experiencia na Administración Local”

A pluralidade de infraccións e vicios padecidos nos procedementos reseñados- que non encontraron reparo por parte da Intervención- poderían ser constitutivos dunha conduta de desviación de poder, de forma que estas infraccións continuadas reputaríanse incursas nos supostos de nulidade de pleno dereito.

4.4. Incidencias detectadas na recadación municipal

O Concello delegou na Deputación Provincial (ORAL) a recadación en período voluntario e executivo dos seguintes impostos: IBI e IAE (acordo plenario adoptado o 9 de outubro de 1992) e imposto sobre Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana (acordo plenario de 25 de outubro de 2002).

A recadación restante, en período voluntario e executivo, realízase por un recadador contratado que presta os seus servizos nas dependencias municipais. A súa contratación efectuouse por acordo plenario de 7 de outubro de 1980, adxudicación outorgada atendendo ós aspectos persoais das proposicións presentadas sobre a oferta económica. A subsistencia da figura do recadador, con amparo nunha lexislación anterior, carece actualmente de cobertura legal.

Así, a Disposición Transitoria 9ª TRRL, permitiu a continuidade dos recadadores contratados durante a vixencia dos contratos, admitindo prórroga dos ditos contratos unicamente se se daban as seguintes circunstancias: que a Entidade Local careza de servizo ou non o teña establecido a Deputación como forma de cooperación, circunstancia que non concorre no suposto analizado.

Ademais, o feito de encomendar o exercicio da función recadadora a persoa que non ostente a condición de funcionario, vulnera o disposto no artigo 92.2 LRBRL, que reserva o exercicio de autoridade exclusivamente ó persoal funcionario.

4.5. Anticipos, gratificacións e indemnización por razón de servizo

Anticipos

Realizouse unha análise dos anticipos reintegrables pagados no ano 2001 a persoal do Concello, presentando a súa mostra un alcance do 51% das obrigas recoñecidas no subconcepto 83000. Como resultado das probas realizadas non se detectaron incidencias.

Gratificacións

A análise das gratificacións faise á luz do Convenio colectivo aprobado polo Pleno (19/5/95), aplicable a ambos tipos de persoal. Así mesmo, o artigo 2.6., indica reducir ó mínimo indispensable as horas extraordinarias. Tamén se imponen límites ás horas extraordinarias por traballador, que en ningún caso superarán oito ó mes ou oitenta ó ano, salvo razóns excepcionais apreciadas pola Comisión de Goberno. As incidencias detectadas afectan a gratificacións percibidas por persoal funcionario e laboral.

Persoal funcionario

Como indica o epígrafe 2 do informe os créditos iniciais destinados ás gratificacións do persoal funcionario vulneran o límite máximo establecido no artigo 7.2 c) RD 861/1986, representando o seu importe o 18% da masa retributiva calculada nos termos do citado precepto. Este incumprimento reitérase nos exercicios posteriores alcanzando os ditos créditos o 20,68% no exercicio 2003. Ademais, a execución orzamentaria pon de manifesto que as gratificacións non se axustan ós créditos iniciais do orzamento, senón que incrementan os mesmos en 6.192.475 pesetas.

Analizáronse minutas por traballos prestados fóra da xornada de traballo e aprobadas pola Comisión de Goberno durante o exercicio 2001. Como consecuencia do mesmo fanse as seguintes consideracións:

- As horas realizadas polo persoal funcionario exceden o límite máximo establecido no convenio colectivo, sen que consten as razóns excepcionais que as xustifiquen.
- En determinados postos de traballo (auxiliares de intervención) as gratificacións devénganse con carácter periódico, vulnerando o disposto no artigo 6 RD 861/1986 (cadro adxunto).

Horas extraordinarias realizadas durante o exercicio 2001 por 3 auxiliares adscritas ó servizo de Intervención						
	AUXILIAR 1		AUXILIAR 2		AUXILIAR 3	
Mes	Nºhoras	Importe	Nºhoras	Importe	Nºhoras	Importe
Xaneiro	44,5	62.300	31,5	44.100	49,5	84.150
Febreiro	45,5	63.700	30	42.000	51,5	87.550
Marzo	44	61.600	40	56.000	52	88.400
Abril	44	61.600	42	58.800	0	0
Maio	38,5	53.900	34	47.600	51	86.700
Xuño	28,5	39.900	31,5	44.100	42	71.400
Xullo	0	0	37	51.800	53	90.100
Agosto	30,5	42.700	0	0	46	78.200
Setembro	41	57.400	34	47.600	12	20.400
Outubro	37,5	52.500	38	53.200	0	0
Novembro	35	49.000	34,5	48.300	9	15.300
Decembro	8	11.200	11	15.400	13,5	22.950
TOTAL	397	555.800	363,5	508.900	379,5	645.150

- Detéctase a percepción de gratificacións con carácter periódico na policía local pola realización de traballos nocturnos, domingos e días

festivos dende o mes de marzo ata decembro. No exercicio 2001 as obrigas recoñecidas imputadas á partida 222 (Seguridade) 15102 (Gratificacións) ascenden a 1.225.000 pesetas.

A prestación destes servicios non ten a consideración de extraordinaria ós efectos de xustificar gratificacións, pois responden ás especificidades horarias destes funcionarios, circunstancia que se debe considerar nas súas retribucións tal como sinala o artigo 6.4 da Lei 2/1986.

Persoal laboral

As horas extraordinarias realizadas polo persoal laboral superan tamén os límites máximos do artigo 35. 3 ET e do artigo 2.6 do Convenio colectivo. Dunha mostra seleccionada para o exercicio 2001 detéctanse excesos no técnico de intervención e no traductor de galego, detallándose no seguinte cadro as percepcións por este concepto:

Horas extraordinarias realizadas durante o exercicio 2001 por persoal laboral				
Mes	TÉCNICO DE INTERVENCIÓN		TRADUCTOR DE GALEGO	
	Nºhoras	Importe	Nºhoras	Importe
Xaneiro	0	0	8	14.400
Febreiro	35,5	71.000	18	48.600
Marzo	36	72.000	4	7.200
Abril	36	72.000	0	0
Maio	38	76.000	0	0
Xuño	38	76.000	0	0
Xullo	31,5	63.000	0	0
Agosto	37,5	75.000	32	57.600
Setembro	19	38.000	34,5	62.100
Outubro	17,5	35.000	0	0
Novembro	40	80.000	70	126.000
Decembro	5	10.000	0	0
TOTAL	334	668.000	166,5	315.900

Da análise efectuada pódense concluír os seguintes incumprimentos:

- Non se respecta o carácter excepcional das gratificacións por servicios extraordinarios, tal como esixe o artigo 27 f) LOXE para o ano 2001.
- Vulnérase o límite máximo de horas extraordinarias establecido no Convenio colectivo e no Estatuto dos Traballadores.

- Efectúanse pagos de gratificacións con carácter periódico, vulnerando o artigo 6 RD 861/1986.

Estes feitos poderían dar lugar á esixencia do reintegro de cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Indemnizacións por razón de servicio

Da análise efectuada sobre os xustificantes de nóminas e asentos orzamentarios relativos ás indemnizacións devengadas no exercicio 2001 pónense de manifesto as seguintes incidencias:

As retribucións do Interventor acumulado foron establecidas pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o 21 de agosto de 2000. Ademais da gratificación legalmente establecida, recoñéceselle a percepción de gastos de locomoción, media dieta por manutención e demais indemnizacións que lle correspondan.

Na relación de asentos contabilizados no libro maior da partida 611 23001 detéctase a imputación mensual, durante o exercicio 2001, de cantidades percibidas en concepto de dietas pola persoa que ocupaba o posto de Interventor en réxime de acumulación. O importe dos pagos líquidos efectuados polo dito concepto ascende a 399.200 pesetas. Así mesmo, da análise da relación de asentos imputados á partida 611 23100 púxose de manifesto a percepción pola mesma persoa, tamén con carácter mensual, de cantidades devengadas en concepto de gastos de locomoción, ascendendo o importe dos pagos líquidos a 261.360 pesetas.

A percepción de dietas polo Interventor en réxime de acumulación contravén o disposto no artigo 31.3 do RD 1732/1994 e Disposición Transitoria terceira do RD 861/1986.

Detéctase así mesmo a imputación ás partidas 121 23001 e 611 23300 de indemnizacións percibidas polo Secretario e o Interventor acumulado pola asistencia a sesións dos órganos colexiados. De acordo co RD 1174/1987, as ditas funcións corresponden ós referidos postos de traballo que, de acordo co artigo 153 TRRL, só poderá remunerarse por algún dos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto.

4.6. Contratos de asistencia técnica

Analizouse unha mostra dos contratos de asistencia técnica celebrados nos exercicios 2000 e 2001, ós efectos de verificar que os servicios prestados ó Concello en réxime de contratación administrativa non eran susceptibles de encadrarse no marco dunha relación laboral.

Non existe constancia da achega da totalidade dos expedientes relativos ás asistencias técnicas, toda vez que nos listados de perceptores que se conteñen no modelo 190 da axencia tributaria figuraba a percepción de cantidades por persoas físicas que carecían de relación funcionarial ou laboral algunha co Concello da Estrada.

As incidencias detectadas foron as seguintes:

Contrato do servicio de asistencia técnica e informes en materia urbanística:

Este contrato, tramitado por procedemento negociado sen publicidade, celébrase o 1 de marzo de 2000. O seu obxecto era a prestación de servicios de asistencia e informes en materia urbanística mentres a praza de arquitecto, vacante no cadro de persoal, non fose obxecto de cobertura definitiva.

A praza de arquitecto municipal incluíuse na oferta de emprego público do exercicio 1998, sen que ata a data e incumprindo o preceptuado no artigo 5 do RD 896/1991 fose obxecto de convocatoria. Resulta, pois, irregular a cobertura encuberta dunha praza funcionarial vacante por medio dunha relación contractual administrativa, toda vez que as atribucións que a lei reserva ós funcionarios públicos non poden ser deixadas á actuación dun axente privado. Esta irregularidade vese agravada polo feito de que o adxudicatario do contrato exerce a súa actividade privada profesional dende unha empresa radicada no ámbito provincial ó que pertence o Concello da Estrada.

Con respecto á celebración e execución do contrato é necesario efectuar as seguintes precisións:

- Incúmprese o artigo 203 da Lei 13/1995, que esixe a incorporación ó expediente de contratación dun informe xustificativo da insuficiencia, falla de adecuación ou conveniencia de non ampliación dos medios materiais e persoais con que conta a Administración para cubrir as

necesidades que se tratan de satisfacer a través do contrato. A praza de arquitecto superior figuraba vacante no cadro de persoal e dotada orzamentariamente, o que subliña a improcedencia da contratación.

- O contrato tramítase polo procedemento negociado sen publicidade por razón de contía, o que esixe a concorrencia de tres licitadores.
- De acordo coas cláusulas segunda e terceira, o adxudicatario obrigábase a asistir un día á semana, percibindo a cantidade de 6.500 pesetas/hora (IVE excluído). A cláusula 2º limita a 2.000.000 pesetas a cantidade total a percibir no ano ou parte proporcional do ano. As percepcións reais resúmense no seguinte cadro:

Exercicios	Prezo máximo anual a percibir (pesetas)	Cantidade facturada (modelo 190 de retencións) (pesetas)	Cantidade facturada (modelo 347 de operacións con terceiros) (pesetas)
2000	1.666.667	2.981.945	Non se aportou
2001	2.000.000	3.783.118	4.532.198

Descoñécense os motivos da diferenza de 749.080 pesetas existente entre o consignado no modelo 190 e o que recolle o modelo 347. De acordo co anterior prodúcese un exceso de 1.315.178 pesetas no exercicio 2000 e de 1.783.178 pesetas (2.532.198 pesetas se atendemos o consignado no modelo 347) no exercicio 2001 sobre as cantidades máximas que o Concello podería aboar de acordo co contrato. Incúmprense, pois, os pregos e o contrato administrativo asinado, o que podería dar lugar a esixencia de responsabilidades.

- O 17 de decembro de 2001 o profesional presenta unha renuncia á continuación do contrato, dada a súa intención de presentar proposta ó concurso de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e cartografía que oferta o Concello, *por se puidera existir algún tipo de incompatibilidade entre ambos traballos.*

Non obstante, verificouse:

- Que a empresa Adiu, S.L., na que o asesor contratado presentaba a súa proposta, foi a adxudicataria en xaneiro do exercicio 2002 por importe de 70.068.973 pesetas, pese a que constaba un informe motivado da Secretaría Municipal, de data de 14 de xaneiro de 2002, no que advertía que a valoración empregada pola Mesa de Contratación *non só podería considerarse arbitraria e*

desproporcionada, senón que incluso podería incorrer en desviación de poder, polo que propoñía que se declare nula a proposta da Mesa de negociación.

- Que pese a presentación da mencionada renuncia, o asesor figuraba como persoa física perceptora de rendas no modelo 190 pola cantidade de 2.284.168 pesetas (2.034.626 pesetas no modelo 347). Adiu S.L. figuraba como empresa provedora no modelo 347 por importe de 37.437.750 pesetas. Non sendo aportada documentación relativa á efectividade da renuncia, descoñécese o motivo polo que dito profesional continúa percibindo rendas no exercicio 2002.

Contrato de asistencia técnica: servicio xurídico da muller:

Dos antecedentes aportados ó equipo fiscalizador consta a prestación municipal deste servizo dende exercicios anteriores a 1996. Dende o mes de maio dese exercicio e ata a actualidade, as sucesivas contratacións administrativas tiveron como adxudicataria a mesma profesional, tal e como se describe a continuación:

Período contractual	Procedemento e forma de contratación	Observacións
De 5-96 a 5-00	Procedemento negociado con publicidade no B.O.P	Contrato de 1 ano, prorrogable ata máximo de catro.
De 1-6-00 a 1-6-01	Contrato menor.	- O custo total anual aproximado do servizo é de 512.000 pesetas, de acordo ca proposta da Alcaldía de 19/5/2001. - Volume de facturación de acordo cos modelos fiscais:
De 1-6-01 a 31-12-01	Contrato menor.	Modelo 190: Exercicio 2000...971.200 pesetas. Exercicio 2001...2.496.630 pesetas. Modelo 347: Exercicio 2001...2.831.851 pesetas. - Superación, pois, no exercicio 2001, dos límites que se sinalan na LCAP (2 millóns) para esta contratación menor, así como da estimación anual .
De 7-1-02 a 31-12-02	Contrato menor.	- A proposta de contratación da alcaldía para o exercicio 2002 establece que o custo total anual do servizo non superará os 3.150 euros (524.116 pesetas) - Volume de facturación no 2002 de acordo cos modelos fiscais: Modelo 190: 3.038.275 pesetas. Modelo 347: 4.917.062 pesetas. - Vulneración dos límites sinalados para a contratación menor pola LCAP.
De 2-01-03 a 31-12-03	Contrato menor	- A proposta de contratación da alcaldía para o exercicio 2002 establece que o custo total anual do servizo non superará os 4.200 euros (698.821,2 pesetas) - Contrato en execución no momento de realizar as actuacións de fiscalización.

O exposto permite concluír o seguinte:

- A partires do exercicio 2000 prodúcese unha concatenación ilegal de contratos menores que vulnera a lexislación contractual das Administracións Públicas, impedindo así a publicidade da licitación dun servizo que é obxecto de prestación polo Consello a lo menos dende o exercicio 1996.
- Non se coñece a natureza das diferencias existentes entre o volume de operacións facturado de acordo co modelo 190 e 347. Non obstante, o importe facturado excede (en torno a un 600 % no exercicio 2002) notoriamente as previsións orzamentarias consignadas nas propostas de contratación efectuadas pola Alcaldía, así como os límites contractuais para o emprego da contratación menor.

Servicios de mantemento informático:

Os antecedentes aportados remiten á prestación do servizo pola mesma persoa dende o exercicio 1997 ata a actualidade. Transcorrido o prazo de 4 anos que se regulaba no artigo 199.1 da Lei 13/1995 e que constituía a vixencia máxima inicial legalmente autorizada para os contratos de asistencia, celebráronse anualmente contratos menores nos exercicios 2001, 2002 e 2003. Se ben as facturacións anuais respectaron os límites desta tipoloxía contractual (2.000.000 pesetas), a forma de contratación empregada constitúe un suposto de fraccionamento dos regulados no artigo 68 da LCAP, conseguíndose así eliminar os requisitos de publicidade que a mencionada norma esixe.

4.7. Incidencias tributarias e de seguridade social

Circularizouse á Axencia Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, os efectos de verificar o cumprimento das obrigas de índole fiscal e social, así como a razoabilidade da imputación orzamentaria e contable das mesmas. A Tesourería Xeral comunicou a inexistencia de débeda esixible a 31 de decembro dos exercicios 2000 e 2001, afirmando o cumprimento regular das súas obrigas de Seguridade Social.

A resposta á circularización efectuada á Axencia Tributaria non se obtivo por conducto da mesma, tal e como se expresa no apartado de limitacións. Pese a solicitar informe relativo ó cumprimento no prazo das obrigas en materia

fiscal, así como o importe, no seu caso, da débeda da Corporación ca Axencia a 31 de decembro de 2000 e 2001, a resposta do organismo circunscribiuse ó achegamento dun certificado comprensivo das autoliquidacións presentadas polo Concello neses exercicios. Unicamente reseñar a presentación, en xuño de 2002, dunha declaración complementaria ou rectificativa do modelo 110 (retencións) correspondente ó terceiro trimestre do exercicio 2001.

5. CARGOS ELECTOS

5.1. Retribucións

A Corporación constituída tralas eleccións municipais de 13 de xuño de 1999 ten 21 concelleiros. Ata o 1 de xullo de 2000 desempeña o seu cargo con dedicación exclusiva o primeiro Tenente de Alcalde. Por acordo plenario de 9 de xuño de 2000, atribúese dedicación exclusiva ó edil delegado de deportes. En dito acordo concrétase o réxime retributivo dos membros da Corporación con dedicación, aprobándose unhas retribucións anuais de 14 pagas reflectíndose no seguinte cadro as contías no exercicio 2001:

Cargo	Importe bruto mensual	Nº mensualidades	Importe anual
Primeiro Tte. Alcalde	315.838	14	4.421.732
Edil de deportes	315.838	14	4.421.732
TOTAL	631.676		8.843.464

No mencionado acordo apróbase o incremento anual desas contías en igual porcentaxe que as retribucións do persoal. Verifícase o cumprimento destes gastos no exercicio 2001.

Non consta o cumprimento do requisito de publicación no BOP e no taboleiro de anuncios das retribucións dos cargos con dedicación exclusiva, así como das indemnizacións e asistencias, tal como dispón o artigo 75.5 LRBR modificada pola Lei 14/2000 de 29 de decembro.

5.2. Indemnizacións dos membros corporativos

As indemnizacións percibidas polos membros corporativos impútanse á subfunción 111 (Órganos de Goberno) artigo 23 (Indemnizacións) reflectíndose no seguinte cadro o desenvolvemento no exercicio 2001:

Subconcepto	Créditos iniciais	Modificado	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Pagos ordenados	Pagos realizados
23000	11.751.000	11.684	11.762.684	10.211.450	10.211.450	7.282.874

As indemnizacións por asistencias a órganos colexiados regúlanse na Base 48.1 de Execución do Orzamento do 2001 e se resume no seguinte cadro:

Cargos	Asistencias	Importe/sesión
ALCALDE	Órganos colexiados	19.000
CONCELLEIROS	Órganos colexiados	12.000
ALCALDE E CONCELLEIROS	Reunións relacionadas co Concello	12.000

Na Base 48.2 regúlanse as indemnizacións por comisións de servizo fora do termo municipal, recoñecéndose ós membros corporativos o dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o grupo 1º no RD 236/1988, salvo que se acredite documentalmente o gasto ben con factura ou outro documento similar, aboándose o seu importe e ademais un 15% do importe sufragado en concepto de gastos de difícil xustificación.

Detéctase a aprobación durante o exercicio 2001 dun recoñecemento extraxudicial de crédito para efectuar o pago de indemnizacións por asistencia a sesións dos membros corporativos remunerados nos meses do ano 2000 .

5.3. Atencións protocolarias e representativas

Efectúase unha mostra das ordes de pago contabilizadas na partida orzamentaria 22601 “atencións protocolarias” ós efectos de verificar a correcta imputación dos gastos por razón da súa natureza, a súa razoabilidade de acordo cos principios que deben guiar a actuación da Administración Pública así como a súa adecuada xustificación documental. A estes efectos, seleccionáronse gastos por importe de 3.378.309 pesetas que representaban o 67% do total contabilizado. Detectáronse as seguintes incidencias:

As incidencias detectadas foron a realización de determinados gastos sen crédito nin procedemento (facturas de 546.336 pesetas, de 577.500 pesetas e de 500.000 pesetas), reparadas pola Intervención, que posteriormente se aprobaron pola Comisión de Goberno mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito.

6. PROCEDEMENTOS SELECTIVOS

As prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de ditos exercicios e convocadas reflíctense no seguinte cadro:

Oferta do exercicio 2000		Convocadas		Oferta do exercicio 2001		Convocadas	
Funcionarios	Laboral fixo	Funcionarios	Laboral fixo	Funcionarios	Laboral fixo	Funcionarios	Laboral fixo
2	5	2	5	1	0	1	0

Con obxecto de verificar o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade no acceso á función pública, analizouse unha mostra integrada polos procedementos selectivos convocados que se reflícten no seguinte cadro:

Descrición da praza	Prazas convocadas	Categoría	Oferta de emprego público
Administrativo, Administración Xeral	1	Funcionario	2000
Profesor de violonchelo	1	P.L.F	2000
Profesor de trompeta	1	P.L.F.	2000
Profesor de harmonía	1	P.L.F.	2000
Profesor de percusión	1	P.L.F.	2000
Profesor de violín	1	P.L.F.	2000

PLF = Persoal laboral fixo

6.1. Incidencias da convocatoria das dúas prazas de administrativo (Administración Xeral) incluídas na OEP 2000 e 2001

A Comisión de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2001, aproba as bases da convocatoria para cubrir dúas prazas vacantes de administrativo integradas na subescala de administración xeral, unha incluída na oferta de emprego público do ano 2000 mediante concurso-oposición libre e outra, incluída na oferta de emprego do ano 2001, polo sistema de concurso-oposición mediante o procedemento de promoción interna.

As bases da convocatoria fanse públicas mediante inserción de anuncio no BOP de 9 de xaneiro de 2002 e no DOG de 27 de febreiro de 2002.

Con data 8 de marzo de 2002 o representante da Xunta de Persoal do Concello de A Estrada impugna ante o Xulgado do contencioso -administrativo de

Pontevedra o acordo aprobatorio das bases. O motivo de dita impugnación é o baremo de méritos establecido no punto 3 da base decimoterceira para o concurso-oposición libre no que se outorga unha valoración desproporcionada os servicios prestados nun determinado departamento (urbanismo ou persoal). Na mencionada base outórganse puntos (máximo 8) só polo desempeño de funcións en ditos departamentos ocupando un posto reservado a persoal administrativo (grupo C) en propiedade, interinidade ou comisión de servicios sen que puntúe a experiencia profesional noutros servicios e departamentos dunha entidade local.

Na sesión da Comisión de Goberno celebrada o 18 de marzo de 2002, dáse conta da demanda presentada e adóptase o acordo de suprimir o punto 3 da base decimoterceira, remitíndose a certificación de dito acordo ó Xulgado do Contencioso Administrativo.

Pese á supresión da base que, se ben supuxo o principal motivo do recurso, constituía a pretensión subsidiaria da demanda, a sentenza recaída no procedemento abreviado número 69/02 estima a pretensión principal do recurso interposto declarando a anulación do acordo aprobatorio das bases. Nos fundamentos xurídicos da mesma pónense de manifesto as irregularidades cometidas pola actuación municipal:

A valoración de méritos establecida na base decimoterceira vulnera o principio constitucional de igualdade no acceso a función pública consagrado no artigo 23.2 CE, producíndose unha desigualdade de trato para aqueles funcionarios que acreditando unha traxectoria profesional na Administración Local non obteñen puntuación por non ter desempeñado funcións nos departamentos de persoal ou urbanismo.

A posterior supresión da mencionada base, sen mais trámite que a adopción do acordo da Comisión de Goberno, supón unha actuación de plano sen axustarse ó procedemento de revisión de oficio establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, en canto que as convocatorias de procesos selectivos, unha vez publicadas e na medida que constitúen actos favorables que crean expectativas e intereses lexítimos, só se poden modificar polo procedemento legalmente establecido.

Dita supresión evidencia, ademais, a incongruencia e a actuación contra os propios actos por parte da administración municipal pois se ben se optou polo sistema de concurso-oposición, que reviste un carácter excepcional, para

propiciar unha mais acertada selección incluíndose entre os méritos a experiencia profesional, posteriormente suprimese o apartado 3 da base 13ª sen que se substitúa por unha nova valoración da experiencia profesional, vulnerándose ademais o principio de vinculación da administración ás bases dunha convocatoria publicada.

Na sesión da Comisión de Goberno celebrada o 8 de abril de 2002 dáse conta da sentenza e acórdanse redactar de novo as bases, separadamente, para cubrir as prazas existentes.

A continuación analízase o expediente de selección tramitado para cubrir a praza incluída na oferta de emprego do 2000 sendo as súas bases de selección obxecto de impugnación:

6.2. Administrativo de Administración Xeral (Libre)

As bases da convocatoria aprobadas para cubrir esta praza apróbanse pola Comisión de Goberno o 22 de xullo de 2002. O sistema selectivo elixido é o concurso-oposición libre.

Cúmprense as esixencias de publicación preceptuadas no artigo 6 do RD 896/1991, de 7 de xuño, mediante a inserción de anuncios no BOP, DOG e BOE.

Da análise das bases destacan as seguintes incidencias:

a) *Sistema de acceso.* A xustificación da elección do concurso-oposición como sistema de acceso carece de suficiente motivación, aducindo a Comisión de Goberno unha consideración xenérica fundada na importancia que a experiencia ten para o desenvolvemento do traballo a desempeñar, que redundará nunha maior eficacia dos servizos administrativos.

A utilización para a selección de persoal funcionario dun sistema de acceso que, de acordo co artigo 2 do RD 896/1991, ten carácter excepcional require un pronunciamento de maior concreción.

b) *Prazo de presentación de instancias.* Detectouse que no anuncio da convocatoria inserto no BOE de 12 de novembro de 2002 dispónse como *dies a quo* para o cómputo do prazo de presentación de instancias a inserción do anuncio no rexistro de entrada do Concello.

O único aspirante que aprobou o primeiro exercicio da fase de oposición, resultando finalmente seleccionado, foi o funcionario de carreira, auxiliar de administración xeral, que dende o 6 de marzo de 2000 desempeñaba, en comisión de servicios, tarefas de administrativo (administración xeral) nos departamentos de urbanismo e persoal do Concello de A Estrada.

6.3. Procedemento para a contratación laboral fixa (media xornada) de 5 profesores para o Conservatorio Municipal de Música

Este procedemento, tramitado durante o exercicio 2001 polo sistema de concurso-oposición libre, efectúase ó amparo da inclusión na oferta de emprego público do exercicio 2000 dos seguintes postos de traballo :

- Profesor de harmonía.
- Profesor de percusión.
- Profesor de violín
- Profesor de violonchelo
- Profesor de trompeta

Fiscalizouse o citado procedemento, para o achegamento do cal foi precisa a adopción dun requirimento formal deste órgano fiscalizador,

a) Bases da convocatoria:

Tras a súa aprobación pola Alcaldía o 12 de xuño de 2000, dáselles traslado á comisión de goberno, que as aproba por unanimidade na sesión extraordinaria celebrada o 28 de xuño do mesmo ano. As bases aprobadas son obxecto de publicación no BOP de 1 de agosto, mencionándose (base terceira), en materia de formulación de solicitudes, que as instancias sexan presentadas no Rexistro Xeral do Concello “ (...) no prazo de 20 días naturais contados a partires do seguinte ó da publicación da convocatoria no BOE ”. Se ben esta cláusula reproducíuse no anuncio público efectuado no DOG de 9 de novembro, dando cumprimento ós requisitos de publicidade que se preceptúan no artigo 6 do RD 896/1991, detectouse a modificación daquela no anuncio inserto no BOE do día 30 do mesmo mes. Nesta última publicación dispónse que o prazo de presentación de instancias se compute “dende a inserción deste anuncio no Rexistro de Entrada do Concello”.

Non consta no expediente fiscalizado rectificación algunha do contido do anuncio publicado no BOE, nin do exame do aportado atópase evidencia do criterio finalmente adoptado en relación á admisión de instancias. Unicamente atópase no expediente unha certificación do Secretario municipal na que, con data de 26 de marzo de 2001, dábase conta de ter procedido ó exame das solicitudes, considerando que tódolos interesados cumprían os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. Salvo erro acreditable, feito do que non existe constancia no expediente, esta modificación do criterio expresado nas bases aprobadas repútase ilegal, constituíndo infracción do principio de publicidade consagrado nos artigos 93 e 103 da LRBRL, toda vez que o cómputo do prazo para presentar as solicitudes non se establece a partires da inserción dun anuncio nun Boletín ou diario oficial, senón nunha dependencia municipal, podendo afectar á apertura do procedemento selectivo a concorrencia competitiva, e por ende ó principio constitucional de igualdade no acceso ó emprego público.

Certificase polo secretario municipal a presentación de sete solicitudes para a participación no procedemento selectivo, correspondendo cinco das mesmas ós candidatos que viñan desempeñando con carácter temporal os postos de traballo obxecto de convocatoria, tal e como se describe no epígrafe 4.3, os que finalmente obtiveron os postos convocados.

Así mesmo, e en relación ó contido das bases observáronse os seguintes aspectos:

- A base 5ª permite a publicación simultánea da constitución do Tribunal cualificador ca da relación de admitidos e excluídos, polo que se infrinxe o artigo 11 do RD 364/1995, que dispón que os Tribunais serán nomeados, salvo excepción xustificada, en cada orde de convocatoria.
- A composición do tribunal cualificador ó que alude a base anterior vulnera o artigo 30 do RD 364/1995 ó non concorrer a designación expresa de representante designado a proposta dos representantes dos traballadores. Infrínxese así mesmo o artigo 29 do citado Real decreto, cando por envío ó artigo 11 esixe a condición de funcionarios de carreira para tódolos membros do órgano de selección coa excepción do presidente e o representante proposto polos traballadores.

- O punto e) da base 7ª atribúe a libre valoración do tribunal na fase de concurso o outorgamento de 1 punto” por calquera outros méritos alegados polos aspirantes relacionados coas funcións a realizar e que non figuren en ningún dos apartados anteriores”. Introdúcese un elemento de discrecionalidade que puidera devir incompatible co cumprimento dos principios constitucionais de igualdade e mérito, outorgándose ó Tribunal unhas facultades para a valoración de méritos que, pola contra, deberían figurar ponderados nas bases da convocatoria para o seu coñecemento polos interesados.
 - A base 9ª permite a formulación alternativa de candidatos no suposto de que o inicialmente proposto non presentase a documentación requirida ou non subscribise, no seu caso, o contrato correspondente, o que contravén o espírito do artigo 32 do RD 364/1995, o permitir declarar, aínda de forma subsidiaria, mais aprobados que postos convocados.
 - Incúmprese o artigo 245 da LALG, por canto o coñecemento da lingua galega configúrase como mérito e non como requisito necesario para o acceso ó emprego público.
- b) Desenvolvemento das fases do procedemento selectivo:
- Vulnerase o disposto na base 5ª en relación coa composición do tribunal. Se ben na referida base o tribunal quedaba constituído por un número impar de membros (5), todos eles coa facultade de voto, no anuncio público no que se contén a designación nominativa de aqueles figura un membro adicional, privándose de voto ó secretario do Tribunal, función que a base atribuíu ó Secretario da Corporación. Prodúcese así unha modificación ilegal do contido das bases, o tempo que se incumpre o preceptuado no artigo 30 do RD 364/1995.
 - Incúmprese a base 6ª, cando dispón que a fase de concurso deberá ser previa a fase de oposición, infrinxíndose así mesmo o artigo 4.c. parágrafo 3 do RD 896/1991, por canto que non se procedeu a cumprimentar esta fase nin con anterioridade a de oposición nin nun momento posterior en ningún dos 5 procedementos selectivos realizados. Nos relativos os primeiros catro postos que se indicaron inicialmente, mencionase na acta conxunta relativa ó segundo exercicio da oposición que “tendo quedado soamente un opositor por

posto de traballo considerase innecesario sumar os puntos do concurso”. Na acta que recolle os resultados da proba relativa ó “profesor de trompeta” danse por finalizadas as probas e se propón o nomeamento do único candidato concorrente sen facer referencia algunha a valoración desta fase. Este incumprimento subliña a falta de transparencia dun procedemento no que os candidatos acceden a fase de oposición descoñecendo as puntuacións obtidas na fase de concurso, alcanzado a súa ponderación o 28% do concurso-oposición de acordo coas bases.

- O anuncio publicado no BOP de 23 de abril de 2001 fixaba a celebración do primeiro exercicio para os 5 postos obxecto de convocatoria para o día 4 de maio dese mesmo ano. Pois ben, o mencionado día, constituído o tribunal cualificador, mencionase na acta de constitución que tendo dado conta ó tribunal de que o anuncio fixando a data de exame “(...) saíu no Boletín de 23 de abril de 2001, polo que non transcorreron 15 días dende a convocatoria a data de exame (...)”. O prazo ó que se alude non só non foi obxecto de fixación en bases, senón que na actualidade non se atopa regulado, sen prexuízo de que primeiro o Regulamento de Ingreso de 1957 e posteriormente o de 1968 establecesen o de 15 días. Este novo defecto padecido na redacción das bases eméndase mediante a decisión do tribunal, recollida na acta, de celebrar as probas “(...)de estar presentes os opositores, e de non opoñer ningunha obxección”.
- Verificouse, en relación coa composición do Tribunal cualificador do concurso-oposición para o posto de profesor de trompeta, que actuou como Presidente do mesmo o segundo tenente de alcalde do concello, o que se reputa ilegal, a tenor de que o Tribunal nomeado pola comisión de goberno atopábase composto por un titular e suplente para o cargo de Presidente distintos da persoa que ostentaba o mencionado cargo.
- Vulneráronse os prazos mínimos que deben transcorrer entre a celebración de exercicios e que se regula no artigo do RD 364/1995, o realizar, coa aquiescencia do candidato os exercicios en que consistía a fase de oposición (prescindiuse da fase de concurso) no mesmo día.
- Obtívose evidencia de que o único candidato que concorre a esta última proba, ademais de vir prestando servicios con carácter

temporal neste posto dende o exercicio 1996, formou parte dos tribunais de selección para o desempeño temporal dos postos de profesor de violín e percusión celebrados no exercicio 1999 xunto con tres dos membros do tribunal seleccionador da praza a que concorria no exercicio 2001. Este feito podería constituír infracción do disposto no artigo 28 da Lei 30/1992 cando regula a abstención, que de non verificarse nos casos que procede da lugar a esixencia de responsabilidade nos termos do punto 5 do citado artigo.

7. CONCLUSIONES

Como consecuencia dos traballos de fiscalización tendentes a verificar o respecto da normativa vixente en materia de persoal, puxéronse de manifesto unha serie de incumprimentos dos cales é preciso destacar os seguintes:

1. Da análise dos sistemas de acceso a función pública local, despréndense as seguintes conclusións:

- Detectáronse supostos de contratación temporal nos que de forma reiterada prescindíuse de forma total e absoluta do procedemento de selección legalmente establecido.
- Os procedementos de selección obxecto da mostra evidenciaron importantes deficiencias e irregularidades que afectaron ós seguintes aspectos: incumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. Observáronse deficiencias tanto no contido regulador das bases de selección do persoal como no funcionamento dos tribunais de selección. Introdúcense elementos de discrecionalidade na valoración de méritos incompatibles cos principios constitucionais mencionados.
- A utilización do concurso-oposición como forma de acceso carece da motivación que esixe o carácter excepcional deste sistema de conformidade co artigo 2 RD 896/1991.

2. En canto ó réxime retributivo do persoal o servicio da Corporación as incidencias mais relevantes foron as seguintes:

- As variacións efectuadas no complemento específico non estaban precedidas da obrigada valoración do posto, tal como esixe o artigo 4.2 do RD 861/1986. Así mesmo, no caso do arquitecto técnico, que ten recoñecida a compatibilidade mediante acordo plenario, o importe do complemento específico non respecta a porcentaxe previsto no artigo 16.4 LIFP.
- O Interventor acumulado percibe mensualmente a gratificación, media dieta por manutención e gastos de locomoción, ademais das

indemnizacións por asistencias a órganos colexiados, feito que contravén o disposto no artigo 31.3 RD 1732/1994.

- Os servicios extraordinarios realizados durante o exercicio 2001 tanto polo persoal funcionario como laboral, exceden o límite máximo establecido no convenio colectivo aprobado pola Corporación. Non se respecta o carácter excepcional das gratificacións conculcándose o artigo 27 f) LOXE e percíbense ademais con carácter periódico incumpríndose o disposto no artigo 6 RD 861/1986.

3. Da análise dos distintos tipos de persoalponse de manifesto os seguintes incumprimentos:

Altos cargos: Non se publica o réxime retributivo no B.O.P., tal como esixe o artigo 75.5 LRBRL.

Persoal eventual: Non se cumpren as esixencias de publicidade do nomeamento, retribucións e dedicación, tal como esixe o artigo 104 LRBRL.

Persoal funcionario: Detectouse infracción do réxime de incompatibilidades regulado pola Lei 53/1984.

Persoal laboral: Acódesse a contratación laboral temporal para cubrir postos que responden a necesidades de carácter permanente. Acórdanse sucesivas prórrogas contractuais manténdose no mesmo posto persoas que foron seleccionadas sen respectar os principios mencionados. Ambos feitos poñen de manifesto a infracción da normativa laboral, encubréndose contratacións indefinidas prohibidas expresamente polo artigo 9.3 Lei 4/1988.

A recadación municipal non se adecúa a legalidade vixente. Mantense a figura do recadador contratado carecendo a súa continuidade de amparo legal de conformidade coa Disposición Transitoria 9ª TRRL. Vulnérase o artigo 92.2 LRBRL ó encomendarse a función recadadora a persoal que non ostenta a condición de funcionario.

Formalizanse contratos de asistencia técnica para o desenvolvemento de funcións correspondentes a postos de traballo que, de conformidade coa normativa vixente, deberían cubrirse con persoal laboral ou funcionario, así mesmo prodúcense sucesivos contratos que poderían incorrer en vicios de nulidade.

Detectáronse ademais incumprimentos de carácter orzamentario:

- Non existe a necesaria correlación entre a valoración dos postos de traballo do anexo de persoal e os créditos para persoal incluídos no capítulo I do Orzamento, incumpríndose o disposto no artigo 18.1 c) do RD 500/1990, de 20 de abril.
- Os créditos iniciais destinados a gratificacións superan o límite establecido no artigo 7.2 c) RD 861/1986.
- Vulnérase o principio de anualidade orzamentaria (art.157.1 LRFL) ó efectuar o pagamento de indemnizacións a cargos electos e gratificacións ó persoal o servizo da entidade no exercicio posterior o seu devengo.

En canto aos instrumentos de ordenación do persoal puxéronse de manifesto as seguintes incidencias:

- O Concello non confeccionou a RPT incumprindo os artigos 90.2 LRBRL e 16 LMRFP.
- A adscrición de postos de traballo a persoal funcionario ou laboral vulnera os artigos 92.2 LRBRL e 235 LALG.
- Na oferta de emprego público non se inclúen prazas que, estando vacantes, non poden ser cubertas con persoal da corporación, incumpríndose o disposto no artigo 18.4 LMRFP.
- A regulación unitaria nun mesmo convenio do persoal funcionario e laboral non é viable, debéndose constituír dous órganos de negociación e subscribirse dous documentos distintos de acordo coas prescricións da Lei 9/1987, de 12 de xuño e o Estatuto dos Traballadores.

8. RECOMENDACIÓNS

En función das incidencias detectadas o Concello de A Estrada deberá considerar as seguintes recomendacións:

- Reorganizar a estrutura organizativa, centralizando a xestión, tramitación e arquivo dos expedientes, de forma que mellore a coordinación entre as unidades xestoras implicadas en materia de persoal.
- A selección do persoal funcionario deberase efectuar mediante convocatoria pública, respectando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. Utilizarase a oposición como sistema preferente de acceso, debéndose xustificar no acordo de convocatoria os motivos que aconsellan acudir aos sistemas excepcionais (concurso-oposición ou concurso).
- A organización do servizo de recadación municipal deberase adaptar á legalidade vixente.
- Na formación do Orzamento as consignacións do capítulo I deberán gardar estricta correlación coas retribucións que figuran no anexo de persoal. Así mesmo, o importe dos créditos iniciais respectará os límites establecidos no artigo 7 RD 861/1986, debéndose reducir as cantidades destinadas a gratificacións.
- O elevado número de horas extraordinarias realizadas polo persoal, así como a contratación laboral temporal para atender necesidades de carácter permanente, evidencia a necesidade de reestructurar a cadro de persoal incluíndo novos postos de traballo.
- Deberanse incluír na oferta de emprego público aquelas prazas que, estando vacantes, cóbrense mediante contratos de asistencia técnica con persoal externo á Corporación (arquitecto).
- Deberase confeccionar a relación de postos de traballo na que se determinarán as retribucións complementarias asignadas aos mesmos. As asignacións de complemento específico, así como as súas variacións requiren unha valoración dos postos de traballo atendendo as circunstancias obxectivas referidas no artigo 4 RD 861/1986.

- Deberanse subscribir de forma separada o acordo regulador dos funcionarios e o convenio colectivo para o persoal laboral, axustándose as disposicións da Lei 9/1987 e Estatuto dos Traballadores.

ANEXO

Estado de gastos



Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execución	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O.R. %
1. Gastos persoal	406.346.000	33.310.004	439.656.004	432.802.329	98%	432.257.585	432.188.036	99%
2. Gastos bens e servicios	367.922.000	70.391.471	438.313.471	416.681.365	95%	416.530.679	376.042.397	90%
3. Gastos financeiros	36.410.000	0	36.410.000	25.594.742	70%	25.594.742	25.594.742	100%
4. Transferencias correntes	64.005.000	4.830.230	68.835.230	65.426.511	95%	65.426.511	59.701.771	91%
6. Investimentos reais	163.521.069	491.870.024	655.391.093	464.697.646	71%	464.697.646	387.844.843	83%
7. Transferencias de capital	19.459.000	17.950.856	37.409.856	5.234.284	14%	5.234.284	4.422.684	84%
8. Activos financeiros	2.502.000	0	2.502.000	2.351.107	94%	2.351.107	2.351.107	100%
9. Pasivos financeiros	88.001.000	8.700.000	96.701.000	94.325.709	98%	94.325.709	94.325.709	100%
Total	1.148.166.069	627.052.585	1.775.218.654	507.113.693	85%	1.506.418.263	382.471.289	92%

O grao de execución do orzamento de gastos (obrigas recoñecidas netas/créditos definitivos) sitúase no 85%. O índice de execución de pagos (pagos realizados/obrigas recoñecidas) foi dun 92%. As modificacións orzamentarias representan o 55% do orzamento aprobado e cuantitativamente o capítulo de investimentos reais é o mais relevante.

Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao execución	Recadación	Grao recadación	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	299.000.000	0	299.000.000	308.394.165	103%	301.266.856	98%	8.230.055
2. Impostos indirectos	36.000.000	0	36.000.000	37.246.907	103%	25.941.020	70%	11.305.887
3. Taxas e outros ingresos	189.565.000	2.698.834	192.263.834	173.124.940	90%	143.364.376	83%	29.760.564
4. Transferencias correntes	470.515.000	74.714.998	545.229.998	552.218.373	101%	481.451.652	88%	70.766.721
5. Ingresos patrimoniais	6.012.881	0	6.012.881	4.598.873	76%	4.394.883	96%	203.990
6. Alienación invest. Reais	4.000	0	4.000	673.622	16.840%	673.622	100%	0
7. Transferencias de capital	44.263.539	354.422.436	398.685.975	293.045.977	74%	225.387.465	77%	67.658.512
8. Activos financeiros	2.500.000	85.743.705	88.243.705	1.979.064	2%	1.979.064	100%	0
9. Pasivos financeiros	100.305.649	109.472.612	209.778.261	147.353.557	70%	141.875.961	96%	5.477.596
Total	1.148.166.069	627.052.585	1.775.218.654	1.518.635.478	86%	1.325.232.153	87%	193.403.325

O grao de execución do orzamento de ingresos (dereitos recoñecidos/previsións definitivas) sitúase no 86%. O índice de execución da recadación líquida (recadación neta/dereitos recoñecidos) foi do 87%.




Sr. D. Xoaquín Álvarez Corbacho
Conselleiro da área de Corporacións Locais
Consello de Contas de Galicia.

Estimado señor:

Recibido o anteproxecto de informe de fiscalización do exercicio 2001 realizado a este Concello da Estrada, e de conformidade co establecido no artigo 58 do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas, xunto se remiten as alegacións que se consideran oportunas, antes do prazo de 19 de decembro de 2003 como se solicitaba no seu escrito de 21 de novembro do corrente ano.

A Estrada 16 de decembro de 2003.

O ALCALDE,



**ALEGACIÓNS Ó ANTEPROXECTO DE INFORME DE
FISCALIZACIÓN REALIZADA POLO CONSELLO DE CONTAS NO
MUNICIPIO DA ESTRADA**

1º.- No punto 1.2, faise constar que as probas realizadas polo Consello de Contas, víronse condicionadas por atrasos significativos no achegamento da información requirida, considerando como causas a antigüidade da mesma e a organización do Arquivo Municipal, o que motivou na práctica un requirimento formal por parte do Consello de Contas.

A realidade foi que as actuacións realizadas polo Consello de Contas tiveron lugar durante o mes de xullo, datas nas que a metade do persoal se atopaba de vacacións, e entre eles o unico funcionario encargado do Arquivo, polo que co persoal existente naquel momento era difícil atender as esixencias dos enviados polo Consello de Contas, causándose, ás veces, problemas para o funcionamento normal das actividades municipais, por atender os requirimentos do órgano fiscalizador, sen embargo, facilitouse ó Consello de Contas toda a documentación requirida, quizais non coa premura que desexaban os fiscalizadores que querían rematar o seu traballo antes do 1 de agosto.

É certo sen embargo que se carece dun departamento de persoal que centralice a xestión, en realidade a maioría do traballo relacionado con esta materia, lévase a cabo por un administrativo, que comparte tarefas en materia urbanística cun técnico de administración xeral. Polo que poden comprenderse as dificultades para ter unha organización en persoal perfecta, por outra banda unha parte importante da documentación solicitada referíase a expedientes que se atopaban no Arquivo Municipal, estando de vacacións como xa se indicou o único encargado do mesmo.

2º.- No punto 2º Aspectos Xerais, indícase que non existe ningún sistema de control horario. Dentro das oficinas o control lévase a cabo polo concelleiro de persoal e fóra das mesmas polo xefe de cada departamento. Dado o escaso número de funcionarios, non se precisa asistencia de ningún instrumento de control.

3º.- No Orzamento do ano 2003, creouse unha praza de técnico de administración xeral, a quen se asignarán no catálogo de postos de traballo a xestións das atribucións referentes a persoal, para tratar de solucionar os problemas existentes ata o de agora.

4º.- En canto ó convenio colectivo do ano 1993, estase estudando a súa modificación. O mesmo foi realizado pensando excusivamente nos funcionarios, se ben nalgún apartado se estendeu ó persoal laboral.

5º.- No apartado 3.1 faise constar que o Concello non aprobou a Relación de Postos de Traballo, incumpríndose o art 90.2 da LRBRL. O indicado artigo di "as corporación locais formarán a relación de postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. Non se indica que esta relación deba realizarse anualmente.

A Relación de Postos de Traballo deste concello, foi aprobada no ano 1995 e modificada no ano 1999 como se indica no informe. A Relación de Postos de Traballo ten o carácter de permanencia e durabilidade polo que a súa modificación debe realizarse a medida que se produzan situacións de supresión ou adición de novos postos de traballo ou modificación das funcións atribuídas ós mesmos. As modificacións efectuadas na plantilla dende o ano 1999, requirirán un retoque dos mesmos, ou a confección dun novo catálogo que se levará a cabo na forma que se estime pertinente e á maior urxencia.

Con relación ó manifestado sobre a vulneración do art 92.2 da LRBRL, de ocupar persoal laboral postos reservados a funcionarios, soamente se produce co técnico de xestión orzamentaria.

6º a).- No tocante á oferta de emprego público (3.2), o Real Decreto Lexislativo 781/86 establece no seu art 128 que as corporacións locais **aprobarán e publicarán** anualmente dentro do prazo de 1 mes dende a aprobación do Orzamento, a oferta de emprego público, o que se considera incumplido polo dictame do Consello de Contas.

É preciso ter en conta as limitacións de persoal para cumprir esta norma, e ademais a Corporación non pode ser responsable do tempo que se tarde en publicar a Oferta de Emprego que se remita ó Boletín Oficial do Estado. Concretamente, a correspondente ó ano 2000 remitiuse o 3 de abril, e non saíu publicado ata o 9 de maio.

O que si é certo é que se cumpriu en tódolos casos co art 28.2, de non nomearse persoal interino para prazas que non estivesen incluídas na Oferta de Emprego.

Xeralmente na Oferta de Emprego inclúense todas as prazas vacantes, se ben algunha delas como a de arquitecto ou axudante da Praza de Abastos no se cubriron. A de arquitecto por canto a súa creación tiña como obxecto o contar con este profesional cando estivese aprobado o Plan Xeral de Ordenación, para ter unha persoa que puidese colaborar e dirixir o desenvolvemento do mesmo.

Por razóns que non son do caso, o Plan Xeral de Ordenación segue sen estar aprobado polo que aínda se mantén a praza no Cadro de Persoal, coa intención de cubrirse cando os traballos do Plan Xeral estean o suficientemente avanzados para poderse supoñer que a aprobación do Plan é inmediata.

6º b).-Non obstante, o contrato de servizos de asistencia e informes en materia urbanística, non vulneraba a oferta de emprego público nin se trataba baixo este sistema de cubrir as necesidades correspondentes á praza de arquitecto; xa que a mesma non era como di o informe para “cubrir as necesidades de informes de asistencia de carácter superior mentres a praza de arquitecto non sexa cuberta en propiedade”, pois os pregos que serviron de base para a contratación establecían como obxecto a elaboración de informes e asistencia técnica en concesión de licencias de obras ou actividades industriais ou informes sobre viabilidade de proxectos ou supervisión dos mesmos, en todo caso, cando así fose solicitado polo Sr Alcalde, para o que o contratado asistiría ás dependencias municipais un día á semana e a duración do contrato sería de un ano, establecéndose que “podería ser rescindido antes da indicada data, se se cubrise en propiedade ou interinamente a praza de arquitecto ou se o Sr Alcalde entendese que o servizo xa non é necesario”.

Polo tanto, tratábase dun servizo de asistencia ós órganos políticos, independentemente dos informes que se realizarían polo técnico municipal.

Dise que a non convocatoria do proceso selectivo da praza de arquitecto infrinxe o art 5 do Real decreto 861/1986. Debe tratarse dun erro, por canto o indicado artigo se refire ó complemento de produtividade.

6º c).-Con respecto á praza de axudante da Praza de Abastos e dadas as funcións que ten atribuídas, vixiancia, apertura, peche, estaba reservada para a quenda de 2ª actividade, á que poderían optar os operarios e policías locais que pasando unha idade

determinada ou por deficiencias físicas que dificultasen a realización do seu traballo, pero que non desen lugar a xubilación, a solicitasen. Hoxe en día atópase cuberta na forma indicada.

6º d).-No relativo ó persoal eventual que percibe gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade, existen acordos plenarios para o segundo caso e con relación ás horas extraordinarias traballadas, considerouse suficiente a súa aprobación pola Comisión de Goberno dado que non se sobrepasaron o límite de horas aprobadas polo Pleno no convenio correspondente.

7º a).- No que respecta ó persoal funcionario, faise constar (4.2) que de oito expedientes analizados non consta o tipo de proceso selectivo, salvo en dous que se realizaron por oposición restrinxida, o Consello de Contas non solicitou os expedientes de selección onde se podería ter comprobado.

Con relación á praza de técnico de administración especial de urbanismo cuberta no ano 1979, supoñemos se realizaría de conformidade coa lexislación vixente naquelas datas, tendo sido aprobadas as bases polo Pleno, como se recolle no informe.

7º b).-En canto ás cuestións expostas con respecto á incompatibilidade da persoa indicada, revisárase a súa situación e adaptárase en todo caso o complemento específico á porcentaxe establecida polo art 56.4 da Lei 53/84 do 26 de decembro.

7º c).-Establécese neste punto que se comprobou que o complemento específico se axusta á cantidade prevista para cada posto de traballo, se ben na nómina de decembro de 2000 dous funcionarios teñen un incremento acordado polo Pleno o 12 de maio de 2000 sen que conste a previa valoración do posto de traballo. O complemento específico indicado percíbese para a atención da actividade de programación do Teatro Principal, téndose valorado polo concelleiro responsable, tratándose de actividades realizadas fóra do horario normal de traballo, xeralmente na tarde dos venres ós sábados e incluso moitos domingos. Comprobouse que resulta moito máis favorable para o Concello aboar a cantidade do complemento específico que pagar a actividade por traballos extraordinarios fóra do horario de servizo e sen que resultara conveniente crear novas prazas para esta actividade. Durante o ano 2001 realizáronse as actividades que figuran no programa que se acompaña a este informe, debendo terse en conta que o traballo das persoas

designadas non se limita ó tempo de representación da obra teatral, xa que é preciso abrir coa anterioridade necesaria para a instalación de decorado e posteriormente diferir o peche ata que se desmonta e se carga.

7º d).-No referente á produtividade, xeralmente realízase por decreto da Alcaldía no mes de decembro. O indicado decreto ponse en coñecemento de todos os funcionarios mediante a publicación do mesmo nos seus centros de traballo. O xeito de reparto foi a establecida por acordo plenario de data 14 de decembro de 1989, sen que ata hoxe se modifícase.

8º a).- Con respecto ó persoal laboral, faise a referencia de que contratacións laborais irregulares poden determinar que a relación xurídica se convirta en indefinida. Concretamente faise referencia a postos que responden a unha necesidade ou servizo de carácter permanente, o que esixiría a creación do posto no Cadro de Persoal.

Existen algúns contratos de persoal laboral temporal que se manteñen dende hai anos como por exemplo o de educador familiar, psicólogo ou persoas contratadas no Centro de Información da Muller. Os indicados contratos reciben unha subvención da Xunta de Galicia para o mantemento dos mesmos e polo tanto o contrato subsiste mentres se reciba a subvención.

8º b).-No relativo á publicidade da contratación do persoal laboral temporal (4.3), é certo que non se publicaron os anuncios nos boletíns oficiais, aínda que se insertaron anuncios en dous diarios de difusión xeral. Para a selección de persoal laboral non permanente, aínda que nada impide que se puidesen aplicar as normas relativas ó persoal laboral fixo, o certo é, que non existe regulación regulamentaria propia da Administración Local que determine a forma de realizar as probas para a selección, polo que non hai esixencia ningunha para o persoal laboral temporal. A Dirección Xeral da Función Pública chegou a manifestar o seguinte "hai que ter en conta que o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre selección de funcionarios locais, non establece requisito nin esixencia ningunha para a selección do persoal laboral no fixo de novo ingreso. Si o fai, en cambio, respecto ó persoal laboral fixo (disposición adicional 2ª), polo que tal silencio debe interpretarse como unha vontade de axilizar a selección do persoal laboral non fixo, dada a natureza das funcións a desempeñar e o carácter de urxencia con que ten que ser seleccionado. En todo caso é necesario que a selección non se leve

a cabo en contra dos principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade e o de publicidade". (Tomo 2º nuevo Régimen Local El Consultor, 4ª edición, página 708).

8º c).-Faise referencia a que se detectou con relación ó profesor de violín, a existencia doutro contrato realizado polo mesmo concepto co Concello de Pontearreas, coidándose que este feito infrinxe o art 2 da Lei 53/1984. O contrato do profesor indicado para impartir clases de violín, érao por 9 horas semanais sendo o total da actividade de 40, polo que lle restaban 31 para cubrir o horario laboral, sendo evidente que podía obter a compatibilidade para realizar outro traballo en Pontearreas conforme ó art 4.2 da Lei 53/84, cousa lóxica pois con un contrato de nove horas semanais é imposible a subsistencia.

8º d).-Con relación ós profesores de harmonía trompeta e violenchelo, tiveron contrato interino mentres se realizaba o proceso selectivo correspondente, o que era total e absolutamente necesario para o funcionamento do Conservatorio Profesional de Música desta localidade. No ano 2001, celebrouse o proceso selectivo ó que se fará referencia máis adiante.

8º e).-Con respecto ás auxiliares administrativas de Secretaría e Intervención ás que se refire o informe, debe tratarse de persoas que realizaban prácticas no concello ó remate dos seus estudos nos IES da localidade, e que xeralmente se contrataban durante o verán para substituír a persoas que ían de vacacións, non había proceso selectivo, dada a urxencia e o curto tempo do contrato. Pode ocorrer, aínda que no informe non se especifica a quen se refire, que nalgún caso se efectuase algunha prórroga deste contrato, que por urxencia se fixo sen procedemento de selección, con persoas con experiencia no posto de traballo dado que en principio se trataba de prazos curtos, non obstante é un feito que se está disposto a corrixir.

8º f).- (4.4) Recadación. Con respecto ó recadador existente, foi adxudicada a recadación en período voluntario e executivo por acordo plenario do 7 de outubro de 1980, asinándose o correspondente contrato en escritura pública o 27 de xaneiro de 1981.

A disposición transitoria 9ª do Real decreto legislativo 781/1986 permitía ós naquel entóns recadadores contratados continuar no exercicio das súas funcións durante a vixencia dos contratos que poderían ser prorrogados de mutuo acordo mentres as

entidades locais non establezan o servizo con arranxo ó previsto nesa lei ou o teña establecido a Deputación como forma de cooperación co exercicio das funcións municipais.

O Concello da Estrada, cando entraron en vigor os impostos de IBI e o IAE, encargou o servizo de recadación á Excmá Deputación Provincial de Pontevedra destes dous impostos, manténdose co recadador unicamente os que figuraban no seu contrato e co fin de non modifica-lo mesmo.

Esta administración local non considerou necesaria a rescisión do contrato e o traspaso do cobramento dos impostos á Excmá Deputación Provincial na súa totalidade, por razóns de funcionamento do servizo, pois durante o ano 2002 o recadador contratado alcanzou unha porcentaxe na recadación do 94,32%, e no ano 2001 a porcentaxe fora do 94,32%. A Deputación Provincial a través do organismo autónomo ORAL, alcanzou no IBI urbana no 2001 o 79,90% e no ano 2002 o 78,04% e neste último ano o IBI de rústica foi do 75,22%, referíndonos en todos os casos á recadación por vía voluntaria.

A Deputación Provincial ten establecida unha taxa da recadación do 6%, e no caso de boa xestión o 0,5%, máis.

O adxudicatario, segundo o contrato existente percibe o 3,5% da cobranza voluntaria, e un 2% de premio de boa xestión cando a recadación supera o 90% do importe dos cargos totais.

9º a).-Persoal funcionario - Horas extraordinarias: Faise constar no informe a superación polos funcionarios das horas establecidas no Convenio Colectivo, sen que consten as razóns excepcionais que as xustifican.

A maior parte das cantidades percibidas por este concepto pertencen a funcionarios de Intervención e da Policía Local.

En relación ó Departamento de Intervención hai que ter en conta que durante os anos obxecto do informe o interventor estaba en réxime de acumulación, polo que asistía ó seu traballo dous ou ás veces tres días na semana pola tarde. É evidente que nestes días os funcionarios do departamento deberían asistir ás oficinas, xa que non ía quedar o interventor só e por outra banda non podían deixar de asistir polas mañás durante as horas normais de

oficina por canto era necesario atender ó público e realizar as actividades que o interventor lles tivese fixado.

Con relación ás horas realizadas pola Policía Local, débese á necesidade de cubrir os servicios existentes, e así e todo e con excepción das fins de semana non hai servicio de policía dende as 5:00 h ata as 8:00 h da mañá.

A indicada situación estase a corrixir na Intervención ó terse cuberto a praza en propiedade e na Policía Local solucionárase unha vez se cubran as prazas vacantes existentes. Durante este verán contratáronse dous auxiliares da policía con subvención da Xunta de Galicia que reduciron tamén as horas realizadas.

9º b).-Con referencia ás gratificacións que perciben os funcionarios por asistencia a reunións de órganos colexiados, hai que ter en conta que as mesmas se realizan fóra do horario normal de traballo, xeralmente a partires das 20:00 h. este concepto puido terse incluído no complemento específico, establecendo esta obriga para todos os funcionarios que asisten a calquera órgano colexiado. Tamén se podería conceder en tempo libre o que se empregue nestas funcións. A Corporación considerou máis conveniente non adoptar esta última modalidade. Con respecto á inclusión no complemento específico, tendo en conta que non se pode determinar aproximadamente a cantas reunións pode asistir cada funcionario para así establecer o complemento específico de cada un, considerouse que era moito máis xusto indemnizar regulamentariamente estes traballos de conformidade co establecido no art 27 do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio sobre indemnizacións por razóns do servicio, deste xeito cada funcionario percibe as cantidades en relación co traballo efectivamente realizado.

10º.- Con relación ó contrato de asistencia técnica e informes en materia urbanística, o contrato xa non está en vigor, e xa se fixo referencia anteriormente ás razóns da existencia, naquel momento, do mesmo, que non consistía nunha cobertura irregular da praza de arquitecto municipal, pois as funcións eran de asesoramento ó Sr Alcalde en materia urbanística. De todos xeitos, hai anos que este contrato rematou.

Sen embargo é necesario aclarar que en ningún caso se sobrepasou neste contrato a cantidade establecida, as diferencias que atopa o Consello de Contas débense a non comprobar os

modelos 190 e 347, o que se podería ter solventado facilmente solicitando un resume da Tesourería Municipal que se remite con estas alegacións.

O profesional contratado tiña outros contratos diferentes por direccións de obras e polo tanto as retencións que se lle efectúan non se correspondían na súa totalidade con "asesoramento urbanístico", senón que se correspondían con outras actividades como dirección do alcantarillado de Antón Losada, da Escola Infantil de Catro Unidades, dirección das obras da rúa D. Nicolás etc.

11º.- Contrato de asistencia técnica Servicio Xurídico da Muller: O informe do Consello de Contas en relación a este contrato contén unha serie de datos inexactos no que respecta ás cantidades que se din percibidas por este servizo, o que podería ter sido evitado cunha maior dilixencia á hora de comprobar os modelos 190 e 347, como pasaba no caso anterior.

O Servicio Xurídico da Muller, é un contrato menor en virtude do cal un avogado en exercicio durante unha mañá á semana consulta a todas aquelas persoas que teñan problemas xurídicos, que se tiveren apuntado nese día ou en días anteriores.

O custo mensual deste contrato era aproximadamente de 42.000 ptas durante os anos 2001 e 2002, e en ningún caso se sobrepasou a cantidade anteriormente establecida.

O erro dese Consello ó chegar a afirmar que o importe facturado supera un 600% a cantidade contratada, prodúcese por non ter comprobado a que se refiren as cantidades que figuran nos modelos 190 e 347.

O indicado profesional, como avogado en exercicio, recibiu encargos, ó igual que outros letrados no seu caso, para defender ó Concello en demandas dirixidas contra o mesmo tanto na vía civil como contencioso-administrativa, intervindo nestes pleitos perante xulgados ou tribunais, sendo nestes casos as facturas por estes traballos os que figuran nos impresos fiscais, pero que non teñen absolutamente nada que ver cos traballos sinalados polo contrato menor do Servicio Xurídico da Muller.

Envíase copia das retencións correspondentes ós indicados anos nos que se pode comprobar que á parte dos honorarios xurídicos do Servicio da Muller, hai outros honorarios por defensa do

Concello perante os tribunais correspondentes. A cantidade percibida polo Servicio Xurídico da Muller non sobrepasou en ningún caso a cantidade contratada.

Non se comparte a opinión do Consello de Contas de que existe unha concatenación ilegal de contratos menores que vulnera a lexislación actual das administracións públicas, pois o percibido en dous anos está lonxe da cantidade de 12.020,24 €, admitida pola Lei de contratos para os contratos menores, xa que a cantidade non podería sobrepasar 4.200 € anuais.

Segundo o art 56 estes contratos que se definen exclusivamente pola súa contía non terán duración superior a 1 ano nin poden ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos, é dicir que rematado o ano o contrato se extingue, pero non existe ningunha disposición na lei que prohiba unha vez rematado o ano realizar outro contrato novo, nin que o mesmo poida ser coa mesma persoa.

12º.- Servicio de mantemento informático. Con relación a estes servicios a situación é igual que no caso anterior, fanse contratos anuais, pero non é un suposto de fraccionamento do art 68, senón a elección dun profesional que se en anos anteriores cumpriu a satisfacción co seu traballo, non hai a xuízo desta administración inconveniente legal en contratalo para o ano seguinte, e non buscar unha persoa nova que pode orixinar problema posteriores á hora do funcionamento do servico, é máis cando os programas informáticos, ás veces, están reformados ou adaptados polo profesional contratado.

Non se considera que se estea levando a cabo, en ningún destes casos, un fraccionamento prohibido do contrato, para evitar o disposto no art 68, é dicir para diminuír a contía do mesmo, para evitar os procedementos da adxudicación que correspondan. A razón de facelo anualmente é que así cada ano segundo a marcha do servico e a satisfacción das persoas que fan uso do mesmo, determinarán ou non a continuación do servico para o ano seguinte. En todo caso a cantidade percibida anualmente rondaba os 4.400 € lonxe tamén da permitida para os contratos menores pola Lei de contratos das administracións públicas.

13º.- Cargos electos: (5.1) Publicidade das retribucións. O art 75.5 da Lei de bases de réxime local, foi engadido pola lei orgánica 1/2003 do 10 de marzo, nel establécese que a retribución dos cargos

con dedicación exclusiva, así como indemnizacións e asistencias se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, a Lei 14 /2000 de 29 de decembro establecía a mesma obriga.

A concesión da dedicación exclusiva o Tenente de Alcalde se acordó polo Pleno o 9 de xuño de 2000, antes de estas normas.

As dedicacións exclusivas actuais así como as indemnizacións e asistencias acordadas polo Pleno de 7 de xullo, 11 de agosto de 2003, publicáronse, respectivamente, nos BOP de 24 setembro, 26 de setembro de 2003 e as indemnizacións acordadas o 13 de outubro, publicáronse no BOP de 10 de novembro de 2003.

14º a).- Procedementos selectivos (6.2): Con respecto á praza de administrativo de administración xeral, a Comisión de Goberno considerou suficientemente xustificadas as razóns para que a selección se realizase por concurso – oposición, non deixando de ser unha cuestión de criterios se a motivación é suficiente ou non.

O Consello de Contas, con relación ó procedemento selectivo seguido para unha praza de administrativo por concurso – oposición libre, fai a mesma alegación que se efectúa con respecto a 5 prazas de contratación laboral fixo de profesores para o Conservatorio Profesional de Música, consistente en que o anuncio publicado no BOE varía o prazo de presentación de instancias, xa que interpreta que o mesmo sería “dende a inserción deste anuncio no Rexistro de Entrada do Concello”.

Pódese comprobar á vista do expediente que as bases establecen que a presentación de instancias terá lugar nos 20 días seguintes á publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial do Estado, e que ese mesmo prazo e requisito se establece no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia, “detecta” o Consello de Contas, unha modificación no Boletín Oficial do Estado en canto que se dispón “que o prazo de presentación de instancias se compute dende a inserción deste anuncio no Rexistro de Entrada do Concello” sen que conste no expediente rectificación ningunha para levar a cabo este contido.

O Consello de Contas fai unha interpretación errónea. O oficio que se mandou ó Boletín Oficial do Estado tanto nun caso coma noutro, que figura no expediente, non cadra co que o Boletín Oficial

do Estado publicou. O anuncio remitido ó Ministerio da Presidencia, dicía: "las instancias solicitando tomar parte en dicho concurso oposición se presentarán en el plazo de veinte días naturales, a contar desde la inserción de este anuncio, en el Registro de Entrada del Ayuntamiento o por cualquier otro procedimiento admitido por el art 38 de la Ley de Régimen Administrativo y del Procedimiento Administrativo Común". O boletín non publicou a partires de "Registro de Entrada del Ayuntamiento" e omitiu unha coma que ía detrás de "desde la inserción de este anuncio". En todo caso o que o anuncio quería dicir era que o prazo de presentación de instancias era de 20 días dende a inserción do anuncio no BOE e o lugar de presentación o Rexistro de Entrada do Concello. Así o entenderon todos os opositores que se presentaron ás indicadas oposicións, entregando as solicitudes dentro do prazo dos 20 días e sen que houbera obxección ou alegación ningunha sobre esta materia.

11º b).-No que se refire ó tribunal para as prazas do profesor de harmonía, de percusión, de violín, de violonchelo, e de trompeta, nomeouse de conformidade co establecido no art 20 do Decreto do 20 de marzo de 1991 da Xunta de Galicia aplicable na Comunidade Autónoma, e tendo en conta o disposto no Convenio Colectivo da Xunta de Galicia que na maior parte dos casos se aplica supletoriamente ó persoal laboral municipal perante a inexistencia dun convenio específico. Non se nomeou representante dos traballadores por canto naquel momento non o había. En todo caso o art 7.1 do Decreto do 20 de marzo de 1991, no seu parágrafo segundo di que no suposto de que as organizacións sindicais non designen ós seus representantes no prazo establecido ó efecto, estes serán designados pola Administración, e polo tanto non habería inconveniente en que o designado fose persoal laboral.

Dado o específico da materia designouse ó director do conservatorio de música da Estrada e o mesmo cargo do conservatorio de Ponteareas, e en vista de que entre os compoñentes do Cadro de Persoal do Concello, non hai ninguén que teña coñecementos musicais. En todo caso de terse nomeado persoal soamente funcionario e un asesor sobre a materia sería este quen tivese decidido dunha maneira total, por canto nin a parte teórica nin a parte práctica podían ser analizadas por persoas sen coñecementos musicais en grao suficientemente alto para vulgar a uns profesores de conservatorio.

Por outra banda apréciase que nas convocatorias da Persoal Laboral da Xunta de Galicia sí se designan vocais laborais para formar parte dos Tribunais.

O presidente do tribunal non foi o Alcalde, e así figura no expediente un escrito designado como presidente ó tenente de alcalde D. José Antonio Maceira Besteiro, non podendo formar parte do mesmo o 1º tenente de alcalde (hoxe falecido), que se atopaba gravemente enfermo.

CONCLUSIÓNS:

Primeira.-Non se comparte o criterio da necesidade legal de que para a contratación do persoal laboral temporal sexa necesario seguí-lo mesmo procedemento que para o fixo, polas razóns apuntadas no número 8 deste escrito no que se recollen as manifestacións a este respecto da Dirección Xeral da Función Pública.

Segunda.-Procurarase limita-las contratacións laborais ó tempo e para os fins que sexan estrictamente necesarios.

Terceira.-Encargarase da tramitación e centralización de toda a materia de persoal a un Técnico de Administración Xeral ós efectos de que os procesos se adapten á máis estricta legalidade.

Cuarta.-Encargarase a realización dun catálogo de postos de traballo axustado á situación actual a unha empresa especializada.

Quinta.-Intentaranse reducir drásticamente o servicios extraordinarios para non sobrepasa-las cantidades acordadas no convenio.

Sexta.-Consensuaranse novos convenios colectivos separados para o persoal funcionario e persoal laboral.

Séptima.-Estudiarase a organización do servicio da Recadación Municipal.

Oitava.-Adaptarse o complemento específico do funcionario con declaración de produtividade ós límites legais.

Novena.-Axustaranse ós orzamentos en canto ás consignacións do capítulo I, reducíndose o límite legal ás cantidades destinadas para gratificacións.

A Estrada 16 de decembro de 2003.
O Alcalde,



Fdo. Ramón Campos Durán,

REPLICA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO CONCELLO DA ESTRADA

En cumprimento do disposto no artigo 58 do Regulamento do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas foron remitidas ó Alcalde do Concello da Estrada en escrito de 21 de novembro de 2003 (RS nº 1304), concedéndolle un prazo ata o 19 de decembro de 2003 para que presentara as alegacións, documentación e xustificantes que estimara oportunos.

O 17 de decembro de 2003 (RE nº 2064) presentáronse as alegacións que se achegan ó presente informe. En relación ó contido e con independencia das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran na réplica, é necesario sinalar con carácter xeral o seguinte:

- a) Se como consecuencia das alegacións se modificara total ou parcialmente o contido do informe, esta modificación sinalarase en nota a pé de páxina.
- b) Agás en casos concretos que así o requiran, o Consello de Contas non valorará as alegacións que:
 - Confirman deficiencias ou irregularidades sinaladas no anteproxecto de informe.
 - Ofrecen criterios ou opinións sen soporte documental ou normativo.
 - Non rebaten o contido do anteproxecto de informe, proporcionando só explicacións ou xustificacións da actividade municipal.

1. Alegacións estimadas

Alegación 6º b)

Dise que a non convocatoria do proceso selectivo da praza de arquitecto infrinxe o art 5 do Real decreto

861/1986. Debe tratarse dun erro, por canto o indicado artigo se refire ó complemento de produtividade.

Efectivamente, trátase dun erro de transcripción pois o artigo invocado corresponde ó RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que se deben axustar ó procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. Corríxese o informe neste sentido.

2. Alegacións non estimadas pero valoradas

a) Alegación 6º b) Oferta de emprego público

Non obstante, o contrato de servicios de asistencia e informes en materia urbanística, non vulneraba a oferta de emprego público nin se trataba baixo este sistema de cubrir as necesidades correspondentes á praza de arquitecto; xa que a mesma non era como di o informe “para cubrir as necesidades de informes de asistencia de carácter superior mentres a praza de arquitecto non sexa cuberta en propiedade”, (...)

Os termos expresados no apartado 3.2 do informe son só unha reprodución do contido da proposta para a contratación do arquitecto efectuada pola Alcaldía á Comisión de Goberno o 2 de febreiro de 2000, que consta no expediente analizado.

b) Alegación 8º b) Publicidade na contratación do persoal laboral temporal

No relativo á publicidade da contratación do persoal laboral temporal (4.3), é certo que non se publicaron os anuncios nos boletíns oficiais, aínda que se insertaron anuncios nos diarios de difusión xeral. Para a selección de persoal laboral non permanente, aínda que nada impide que se puidesen aplicar as normas relativas ó persoal laboral fixo, o certo é que non existe regulación regulamentaria propia da Administración Local que determine a forma de realizar as probas para a selección, polo que non hai ningunha esixencia para o persoal laboral temporal.

Non se comparte o criterio da necesidade legal de que para a contratación de persoal laboral temporal sexa necesario seguir o mesmo procedemento que para o fixo.

A característica do procedemento de selección do persoal laboral temporal é a carencia de norma algunha que o estableza. Pero o artigo 103 LRBRL, establece a obrigatoriedade de garantir o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. Os anuncios inseridos en prensa (26 e 28 de setembro, fixando o 29 como prazo máximo para a presentación de instancias) non dan adecuado cumprimento ó principio de publicidade, polo que a súa eficacia lógrase mellor mediante a inserción, con antelación suficiente, de anuncios en diarios oficiais (dúas sentencias do TS do 26 de setembro de 1986- AR .5984 e 5986, entre outras). Esta prevención contribuiría a non limitar a concorrencia dos candidatos a uns postos de traballo que, aínda que ofertados con carácter temporal, respondían a necesidades de carácter permanente, tal e como se evidencia ó proceder o Concello a súa cobertura, con carácter fixo, no concurso-oposición celebrado no exercicio 2001.

c) Alegación 8º c) Vulneración da Lei de Incompatibilidades. Contratos subscritos polo profesor de violín.

Faise referencia a que se detectou con relación ó profesor de violín a existencia doutro contrato realizado polo mesmo concepto co Concello de Ponteareas, pensándose que este feito infrinxe o artigo 2 da Lei 53/1984. O contrato do profesor indicado para impartir clases de violín era por 9 horas semanais sendo o total da actividade de 40, polo que lle restaban 31 para cubrir o horario laboral, sendo evidente que podería obter a compatibilidade para realizar outro traballo en Ponteareas conforme ó artigo 4.2 da Lei 53/84.

Para o exercicio dun segundo posto de traballo na Administración Pública, nos termos e condicións taxados pola Lei 53/1984 (LIP), requírese con carácter indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade (artigo 3 LIP) polo Pleno da Corporación, requisito que non concorre no suposto que nos ocupa.

d) Alegación 9º b) Gratificacións dos funcionarios por asistencia a órganos colexiados

Con referencia ás gratificacións que perciben os funcionarios por asistencia a reunións de órganos colexiados, hai que ter en conta que as mesmas se realizan fóra do horario normal de traballo, xeralmente a partires das 20:00 h este concepto puido terse incluído no complemento específico, establecendo esta obriga para todos os funcionarios que asisten a calquera órgano colexiado. (...) considerouse que era máis xusto indemnizar regulamentariamente estes traballos de conformidade co establecido no artigo 27 do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio sobre indemnizacións por razóns do servicio, deste xeito cada funcionario percibe as cantidades en relación co traballo efectivamente realizado.

O RD 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional contén unha descrición detallada do contido básico das funcións reservadas ós ditos funcionarios. De conformidade coa enumeración das funcións correspondentes ós postos de Secretaría e de Intervención, en virtude dos artigos 2, 3 e 4, a asistencia ás sesións dos órganos colexiados constitúe unha función atribuída legalmente ós titulares dos ditos postos (no caso da Intervención cando se traten asuntos económico-financeiros ou orzamentarios), sen que exista precepto legal que estableza a obriga de celebrar ditas sesións dentro do horario normal de traballo. Polo tanto, non poderá ser obxecto de indemnización o desempeño dunha función que, en virtude da normativa vixente, resulta inherente ó posto de traballo que ocupan os ditos funcionarios. Cuestión distinta é que o desempeño da dita función deba ser tido en conta na fixación das súas retribucións, sendo o complemento específico o concepto retributivo adecuado para a súa remuneración xa que, de conformidade coa súa configuración legal (art.23.3 b) LMRFP e 4 RD 861/1986), está destinado a retribuír as condicións particulares de algúns postos de traballo.

e) Alegación 10º, 11º e 12º. Asistencias técnicas en materia urbanística, Servizo Xurídico da Muller e Servizo de Mantemento Informático

*...O profesional contratado (arquitecto) tiña outros contratos diferentes por dirección de obras e por tanto as retencións que se lle efectúan non se corresponden na súa totalidade con “asesoramento urbanística” senón que se correspondían con outras actividades como dirección da rede de sumidoiros de Antón Losada, da Escola Infantil de Catro Unidades, dirección das obras da rúa D. Nicolás, etc.
...O indicado profesional (Servizo Xurídico da Muller), como avogado en exercicio, recibiu encargos, ó igual que outros letrados, no seu caso, para defender ó concello...Non se comparte a opinión do Consello de Contas de que existe unha concatenación ilegal de contratos menores, pois o percibido nos anos está lonxe da cantidade de 12.020,24 €, admitida po la Lei de contratos para os contratos menores, xa que a cantidade non podería exceder os 4.200 € anuais. Segundo o artigo 56 istos contratos que se definen exclusivamente pola súa contía non terán duración superior a un ano nin poden ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos, é dicir que rematado o ano o contrato extinguese, pero non existe ningunha disposición na Lei que prohiba unha vez terminado o ano realizar outro contrato novo, nin que o mesmo poida ser cá mesma persoa.*

Non se considera (Servizo de Mantemento Informático) que se esté levando a cabo, en ningún distos casos, un fraccionamento prohibido do contrato, para evitar o disposto no artigo 68, é dicir, para diminuír a contía do mesmo, para evitar os procedementos de adxudicación que correspondan. A razón de facelo anualmente é que así cada ano segundo a marcha do servizo e a satisfacción das persoas que fan uso do mesmo, determinarán ou non a continuación do servizo para o ano seguinte.

Tal e como se expresaba no anteproxecto de informe, e pese a súa reiterada solicitude, non existe constancia da totalidade dos expedientes adxudicados en concepto de asistencia técnica. No escrito de alegacións remitido polo Concelloponse de manifesto que o arquitecto e a letrada contratados, respectivamente, para a asesoría urbanística e servizo xurídico da muller, subscribiron adicionalmente contratacións por conceptos tales como a dirección de obras municipais e a representación legal do Concello en preitos. Non obstante, non se aportan os contratos ou probas documentais que

certifican as referidas afirmacións, senón exclusivamente uns resumos numéricos que non subscribe departamento ou responsable algún.

A celebración sucesiva de contratos menores, cuxa duración máxima non poida exceder dun ano constitúe, ó noso xuízo, fraude de lei, en contravención do artigo 56 TRLCAP por canto se produce de facto a prórroga que o mencionado artigo sanciona.

O servizo de mantemento informático adxudicase anualmente con carácter irregular mediante o mecanismo da contratación menor, de xeito análoga ó anteriormente expresado. A referida contratación debe ser obxecto de licitación pola totalidade da contía correspondente ó período real estimado para a prestación do servizo, o que esixe un procedemento e forma de adxudicación distintos ó empregado, evitando así o fraccionamento do obxecto contractual sancionado polo artigo 68 TRLCAP.

f) Alegación 13º. Publicidade das retribucións dos cargos electos

O art.75.5 da Lei de bases de réxime local, foi engadido pola lei orgánica 1/2003 do 10 de marzo, nel establécese que a retribución dos cargos con dedicación exclusiva, así como indemnizacións e asistencias se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, a Lei 14/2000 de 29 de decembro establecía a mesma obriga.

A concesión da dedicación exclusiva ó tenente de Alcalde acordouse polo Pleno o 9 de xuño de 2000, antes destas normas(...).

A Lei Orgánica 1/2003, do 10 de marzo modificou o artigo 75.7 da LRBRL cuxo contido no afecta á publicidade das retribucións dos cargos electos. A modificación do artigo 75.5 efectuouse en virtude da Lei 14/2000 que introduciu a obriga de dar publicidade no BOP e no taboleiro de anuncios ás retribucións dos cargos electos con dedicación, así como ás indemnizacións e asistencias. A verificación do cumprimento de dita obriga circunscribiuse o ano 2001 no que sí resultaban de aplicación as esixencias contidas no artigo mencionado.

g) Alegación 14º b) Cobertura de postos persoal laboral fixo para as distintas categorías de profesores de música

O tribunal nomeouse de conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto do 20 de marzo de 1991 da Xunta de Galicia aplicable na Comunidade Autónoma, e tendo en conta o disposto no Convenio Colectivo da Xunta de Galicia aplicable na Comunidade Autónoma que na maior parte dos casos aplícase supletoriamente ó persoal laboral municipal ante a inexistencia dun Convenio específico. Non se nomeou representante dos traballadores por canto naquel momento non ó había. En todo caso o artigo 7.1 do Decreto do 20 de marzo de 1991, no seu parágrafo segundo di que no suposto de que as organizacións sindicais non designen os seus representantes no prazo establecido ó efecto, istos serán designado pola Administración, e polo tanto non habería inconveniente no que o designado fose persoal laboral.

O presidente do tribunal non foi o Alcalde, e así figura no expediente un escrito designando como presidente ó tenente de alcalde...

Non existe evidencia da consulta á representación dos traballadores ou á que procedera constituír ó efecto de dar cumprimento ó artigo 30 RD 364/1995. Non consta no expediente relativo á selección do profesor de trompeta, a designación de Presidente –nin polo tanto a publicidade regulamentariamente esixible do mesmo- distinto ós anteriormente nomeados (titular e suplente), non sendo aportada tampouco no trámite de alegacións.

h) Non se valoraron as alegacións restantes.